

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE MÚSICA



I.E.S CORUXO

VIGO

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA MATERIA

2. COMPETENCIAS CLAVE

3. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. OBXECTIVOS NA MATERIA DE MÚSICA NA ESO

5. CURSO DE 2ºESO

5.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e grado mínimo de consecución dos estándares.

5.2. Temporalización dos contidos para 2º ESO.

5.3. Contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva.

6. CURSO DE 4º ESO

6.1. Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e grado mínimo de consecución dos estándares.

6.2. Temporalización dos contidos de 4º ESO.

6.3. Contidos mínimos esixibles para unha avaliación positiva.

7. SECCIÓNS BILINGÜES EN INGLÉS EN 2º ESO

8. AVALIACIÓN

8.1. Procedementos e instrumentos de avaliación na ESO. Criterios de cualificación. Indicadores de logro.

8.2. Avaliación inicial.

8.3. Plan de traballo e mecanismos para a superación de materias pendentes na ESO . Probas.

8.4. Programas específicos para o alumnado repetidor na ESO.

8.5. Mecanismos de revisión, análise e modificación das programacións didácticas.

8.6. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente. Avaliación da programación.

9. METODOLOXÍA

9.1. Metodoloxía didáctica.

9.2. Medidas de atención á diversidade.

9.3. Elementos transversais. Educación en valores.

9.4. Organización do espazo e do tempo.

9.5. Materiais e recursos didácticos.

10. APORTACIÓNS Ó PLAN LECTOR

10.1. Competencias lectoras que deberían dominar os nosos alumnos/as

10.2. Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

10.3. Estratexias de comprensión lectora

10.4. Fomento de hábitos de lectura na área de música. Actividades

10.5. Lecto-escritura no currículo de Música

10.6. Actividades de mellora da competencia lectora na área de Música

10.7. Avaliación do plan de lectura

11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

12. PLAN DE CONVIVENCIA

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

14. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE ESTA PROGRAMACIÓN.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica na área de Música da Educación Secundaria Obligatoria está fundamentada no Decreto 86/2015 do 25 de Xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto está enmarcado na Lei orgánica para a mellora na calidade educativa (LOMCE) do 8/2013 do 9 de Decembro.

A música, como ben cultural e como linguaxe e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento con gran valor na vida das persoas; ademais, favorece o seu desenvolvemento integral, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

Na actualidade, a música constitúe un dos principais referentes de identificación da mocidade. Co desenvolvemento tecnolóxico multiplicáronse as canles de acceso ás cada vez máis numerosas fontes de cultura musical, así como aos seus diversos xeitos de creación e interpretación, a través de vehículos que forman parte da súa vida cotiá, como internet, os dispositivos móbiles, os reprodutores de son e os videoxogos. Ademais, fomenta o desenvolvemento da percepción, a sensibilidade estética, a expresión creativa e a reflexión crítica.

A materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa. A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, ademais de procurar un ensino integral e axudar na maduración do alumnado novo.

Transcendendo estes valores estéticos, propios da competencia de conciencia e expresións culturais, o alumnado aprenderá actitudes de cooperación e traballo en equipo ao formar parte de diversas agrupacións nas que cadaquén asumirá diferentes papeis para poder interpretar música en conxunto. Por outra parte, é interesante

fomentar actitudes emprendedoras que acheguen o alumnado ás diferentes profesións no ámbito musical e non musical.

Esta materia fomenta as actividades colaborativas ao integrar os/as estudantes nun grupo, fomentando o intercambio de ideas, o respecto entre iguais, a integración, a creatividade, o coñecemento doutros contextos e o desenvolvemento da intelixencia emocional.

O estudo desta materia parte dos coñecementos previos adquiridos polo alumnado na educación primaria e do seu desenvolvemento evolutivo, afondando con elementos que, dado o seu nivel de abstracción, deben abordarse neste momento de desenvolvemento do alumnado.

Entre outros, é obxectivo desta materia dotar os alumnos e as alumnas dun vocabulario que permita a descrición de fenómenos musicais, unha comprensión da linguaxe musical como medio de expresión artística, unha sensibilidade cara á expresión musical e o entendemento da música como un fenómeno imbricado na historia e na sociedade. Tamén se lle outorga un papel importante á análise das obras musicais, entendendo que se pode levar a cabo en distintos niveis de profundidade.

Os elementos do currículo básico organizáronse en catro bloques, moi relacionados entre si, que comparten múltiples elementos: "Interpretación e creación" integra a expresión instrumental, vocal e corporal coa improvisación e a composición musical, o que permitirá ao alumnado participar da música dunha forma activa; "Escoita" pretende crear a primeira actitude fundamental cara a esta arte e dotar o alumnado das ferramentas básicas para gozar dela a través da audición e a comprensión do feito musical; "Contextos musicais e culturais" relaciona a música coa cultura e a historia, dá a coñecer o valor do patrimonio musical español e galego, e ensina a identificar o estilo e as características distintivas da música que delimitan cada período histórico básico; e finalmente, "Música e tecnoloxías" pretende abranguer o coñecemento e a práctica da interacción entre música e novas tecnoloxías. Estes aspectos teñen especial importancia debido á proximidade que as tecnoloxías teñen na vida cotiá do alumnado, polo que se pretende xerar unha vinculación entre a linguaxe tecnolóxica que utiliza habitualmente e a música dentro da aula.

Xa como remate, vese necesario resaltar a importancia do uso dunha metodoloxía axeitada a este enfoque curricular, que posibilite que o alumnado sexa protagonista da

súa propia aprendizaxe, traballando de xeito colaborativo, onde a práctica e a vivencia do feito musical sexa real e relevante para o alumnado, para a comunidade educativa e para o contorno social.

Neste curso académico, os CURSOS que teñen MÚSICA son:

- ❖ 2ºESO: 4 grupos . Hai dous grupos de seccións bilingües en inglés.
- ❖ 3º ESO :4 grupos. Hai un grupo de sección bilingüe en inglés.
- ❖ 4º ESO: 2 grupos
- ❖ 1º Bacharelato con Linguaxe e práctica musical: 1 grupo

Durante o presente curso académico, o Departamento de Música do I.E.S. Coruxo queda integrado por dúas profesoras catedráticas : Dona Mónica Pérez Cortés, que ocupa actualmente a xefatura de departamento, e Paula Veiga Iglesias, profesora especialista definitiva, con adxudicación definitiva no centro como resultado do concurso de traslados.

As dúas profesoras que imparten a materia desde o nivel de 2ºESO ata 1º de Bacharelato ,son especialistas na materia ,e para o reparto de niveis atendeuse a un criterio o máis equilibrado posible.

Mónica Pérez imparte docencia en :

- 4 grupos de 2º ESO , dos cales 2 son de Seccións Bilingües en inglés.
- 2 grupos de 3ºESO., dos cales 1 é de Sección Bilingüe en inglés.
- 1 grupo de 4ºESO (con alumnos de 4ºA, 4ºB,4ºC).

A carga lectiva é de **15 horas** semanais de clases de Música , ás que hai que engadir 1 hora de Proxecto Competencial nun 3º ESO. Ademais , asume unha titoría en 3ºESO.

Pola súa parte, Paula Veiga Iglesias , imparte clase en :

- 2 grupos de 2º ESO.
- 2 grupos de 3ºESO.
- 1 grupo de 4º ESO.
- 1 grupo de Linguaxe e práctica musical.

A carga lectiva total é de **15 horas** semanais de clase de Música , ás que hai que engadir 1 horas semanal de Proxecto competencial en 1º ESO, e 1 hora da mesma materia en 3º ESO. Ademáis asume unha titoría en 3ºESO.

O número total de horas de Música no departamento é de **30**.

O número de alumnado que recibe clases da **materia de Música** é o que a continuación se relaciona:

Curso	Número total alumnos/as
2º ESO-Música + Seccións Bilingües	93
3º ESO-Música+ Seccións Bilingües	90
4º ESO Música	31
1º Bacharelato-Linguaxe e Práctica Musical	9
TOTAL :	223 alumnos/as

2. COMPETENCIAS CLAVE

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro.

Sendo as competencias básicas as:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

As contribucións da educación musical ó desenvolvemento das competencias básicas:

1. Comunicación lingüística (CCL)

A música pode contribuir tanto á comunicación oral como á comprensión lectora a través da adquisición e o uso dun vocabulario musical específico, o emprego das diferentes variantes do discurso ou a lectura comprensiva de textos especializados. Tamén se colabora a través do traballo con cancións e outras obras musicais provistas de textos, tanto ó producir mensaxes nos que se integran a linguaxe verbal coa linguaxe musical, como ó aplicar as destrezas básicas que permiten escoitar, comprender e apreciar o valor literario ou poético dos textos das diversas cancións. Desenvólvese con diferentes procedementos: acompañamento de textos con percusión rítmica e instrumental; uso de ostinatos rítmicos e repetitivos, que poden levarse a cabo coa voz, con percusión corporal ou instrumental, etc. Ademais, as cancións axudan ó desenvolvemento da linguaxe – incremento do vocabulario, expresión, entoación, articulación e vocalización correctas. O desenvolvemento da expresión rítmica pode mellorar problemas da linguaxe nos seu aspecto lecto-escritor (dislexias, disgrafías...)

Debemos considerar a lectura como destreza básica para a ampliación desta competencia e da aprendizaxe. Deste xeito, o contacto con unha diversidade de textos resulta fundamental en todos os cursos. A elección dos textos a traballar en música está

incluída no Plan Lector do centro, como máis adiante comentaremos. Neste contexto debemos familiarizar ao noso alumnado no emprego da Biblioteca escolar como espazo de aprendizaxe e disfrute.

2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

En primeiro lugar, a música pode contribuir a esta competencia no relativo á métrica musical, a proporcionalidade, ás escalas musicais e intervalos, ós acordes, ás series armónicas, etc. Ademais está presente na aplicación de conceptos de matemáticas e física relativos á acústica e o comportamento dos materiais sonoros ou no emprego das matemáticas en correntes musicais do século XX como son a música aleatoria, algorítmica, serialismo, estocástica e a fractal.

En segundo lugar, pódese acadar no tratamento dos seguintes aspectos:

- Desde a aula de música podemos colaborar na conservación do medio ambiente identificando e proponendo solucións para os problemas serrados polo exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, problemas que afectan de forma directa ós adolescentes. Máis concretamente podemos sinalar a importancia do silencio como marco imprescindible, antes e durante a interpretación musical.
- A construción de instrumentos musicais con materiais de desfeito permite o achegamento ás tarefas de reciclaxe e o respecto ó medio ambiente.
- A práctica musical realízase corporalmente, polo que axuda a valoralo noso corpo:
 - a. Por medio do movemento e a práctica instrumental obtense unha posición e ton muscular correcto, ademais dunha completa oxixenación.
 - b. O coñecemento da voz e os cambios que se producen nesta etapa, é fundamental para considerar a hixiene vocal.
 - c. O coñecemento do aparato auditivo axuda a concienciar ó alumnado da conveniencia de evitar a exposición prolongada a un exceso de ruído.
- A música, polos seus componentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, incide positivamente no equilibrio persoal e anímico das persoas.

3. Competencia dixital (CD)

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, a participación na sociedade. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura.

Require un coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón o acceso ás fontes de información e o procesamento da mesma. Debe servir para que o alumno resolva problemas , tanto en contextos formais como informais.

Ademáis, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade por a aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

En canto que o uso dos recursos tecnolóxicos no eido da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, as técnicas de tratamento e gravación do son,etc. O alumnado debe aproveitar as posibilidades que lles ofrecen as novas tecnoloxías tanto nos procesos de creación, interpretación e audición musicais, como nos de búsqueda de información.

4. Aprender a aprender (CAA)

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe unha motivación para aprender. Motivación que debe xerarse dende a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta o protagonista no proceso de ensinanza e do resultado do seu aprendizaxe, e de que poida acadar as metas propostas.

Ademáis, esta competencia require coñecer e controlar os procesos de aprendizaxe, para poder chegar a ser máis eficaz e autónomo. Inclúe os coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Todos estes coñecementos quedan reflectidos en destrezas de control inherentes á esta competencia. Estas destrezas concréntanse en estratexias de planificación – a meta que se quere acadar e plan de acción- ; estratexias de supervisión; e estratexias de avaliación, nas que se avalía o resultado e o proceso . E sempre dende a reflexión inherente a todos os procesos mentais.

Aprender a aprender manifestase tanto individualmente como en grupo.

O obxectivo desta competencia é a autonomía na aprendizaxe. Isto supón tomar conciencia das propias capacidades, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas. A nosa meta desde a aula de música é que tódolos alumnos adquiran a capacidade de continuar unha aprendizaxe de forma autónoma, que posúan os coñecementos necesarios para tomar as súas propias decisións musicais e a motivación para seguir aprendendo música durante toda a súa vida. A educación musical ofrécenos numerosas posibilidades para conseguilo, sempre que estemos dispostos a axudar ó alumnado a reflexionar sobre as súas dificultades ou os seus erros.

Ó alumnado seralle moi útiles todas as situacións que facilitan o emprego de estratexias no eido da aprendizaxe musical, como a atención, a concentración, a memoria, a escoita, a coordinación, a planificación, a resolución de problemas, etc.

Propónse a gravación das interpretacións dos alumnos para o desenvolvemento do sentido crítico.

Para assimilar os contidos utilizamos distintas técnicas de estudo: lectura comprensiva, sublimado, esquemas, presentacións de traballos escritos ou orais; presentación de audicións e elaboración de programas das mesmas.

5. Competencias sociais e cívicas (CSC)

Esta competencia implica a habilidade e capacidade para empregar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, para elaborar respostas, tomar decisión e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas seguindo unhas normas baseadas no respecto mutuo e convicións democráticas.

Supón o desenvolvemento de destrezas como a capacidade de comunicarse dun xeito constructivo, mostrar tolerancia, expresarse e comprender puntos de vista diferentes, negociar inspirando confianza e empatía.

Moitas das actividades que se realizan na aula de música existen a cooperación e a coordinación de tódolos membros do grupo. Entre éstas, cabe destacar o canto colectivo, a danza ou a interpretación instrumental, nas que o alumno/a aprenderá a escoitar e a ser escoitado, a esperala súa quenda para actuar, a respetalas opinións, etc. Noutras actividades poténciase o desenvolvemento desta competencia: na composición colectiva, na elaboración de traballos en grupo, na participación de montaxes musicais ,etc. En tódalas actividades é preciso contar cun clima de respecto mutuo, que estimule ó

alumno/a para poder expresar os seus sentimentos, aceptar os seus propios erros, valorar os esforzos propios e alleos, etc.

Ademáis, a adquisición desta competencia supón a superación de estereotipos sociais e culturais. A aceptación e respecto polas capacidades propias e alleas na práctica musical e o coñecemento e disfrute das músicas de diferentes culturas permitirán avanzar neste senso.

En definitiva, dende a materia de música valórase a diversidade, propónse o diálogo e a negociación como formas habituais de traballo e respétase o patrimonio cultural: a música é unha linguaxe universal que une as persoas e ensina a vivir en comunidade.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas e habilidades necesarios con criterio propio, para poder acadar o obxectivo proposto.

Require destas habilidades: capacidade de análise, de planificación , organización, xestión e toma de decisión ; capacidade de adaptación ó cambio e resolución de problemas ; comunicación, e negociación ; habilidade para traballar individual ou grupalmente; participación, capacidade de liderazgo e delegación; pensamento crítico e responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación. Ademáis debe fomentar estas actitudes: actuación creadora e imaxinativa; o autoconhecimento e a autoestima; o interese e o esforzo.

No eido musical, esta competencia pódese acadar de varios modos:

- Desenvolvendo habilidades e cualidades persoais que permitan tomar decisións con criterios propios: por exemplo, na interpretación musical desenvólvense capacidades como a perseverancia, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima.
- Organizando e realizando actividades musicais no centro escolar, polo que se requiren habilidades sociais para traballar en equipo co fin de de levar a cabo un proxecto común: dialogar, valorar as ideas dos demais, etc.

7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

En canto que fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas,

expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Ademais tamén se acadará ó permitir que todo o alumnado asimile os coñecementos e habilidades necesarias para realizar unha práctica musical activa, e polo tanto poida disfrutar , como ointe, da música que escoita ou teña interese pola vida musical do seu entorno.

Como a música é un dos ámbitos que conforman a competencia cultural e artística, podemos pensar que unha persona “competente” musicalmente falando, sería aquela que desenvolve de forma constante unha serie de capacidades como:

- Cantar, tocar instrumentos seguindo partituras, bailar ou participar nun grupo musical.
- Comprender e disfrutar da música que escoita.
- Interesarse por músicas de diversos estilos, épocas e culturas, coa capacidade para emitir xuícios críticos sobre a música que escoita.
- Desenvolver un compromiso personal coa música, interesándose pola vida musical da súa comunidade, apoiándoa e participando activamente nela.
- Empregar a música en procesos creativos, xa sea inventándoa ou seleccionando músicas adecuadas para crear montaxes audiovisuais e para outras actividades artísticas.

Para poder expresarse a través da música (cantando, tocando un instrumento ou bailando), é necesaria unha práctica constante ó longo de toda esta etapa.

3. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

Segundo a *LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN 8/2013*, do 9 DE DECEMBRO e o *DECRETO da XUNTA de GALICIA, 86/2015, DO 25 DE XULLO*, a educación secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns

dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar

as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

4. OBXECTIVOS XERAIS DE MÚSICA NA ESO

A continuación reflíctense os obxectivos previstos para a etapa de ESO.

1. Utilizar a voz, o corpo, os instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas de expresión.

2. Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.

3. escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

4. Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas críticamente.
5. Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información –medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
6. Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.
7. Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
8. Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
9. Elaborar suizos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiá e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e da comunidade.
10. Valorar o silencio e so son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

5.- CURSO DE 2º da ESO

5.1 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, grado mínimo de consecución dos estándares .

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación				
n ñ m	<p>B1.1. Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical</p> <p>B1.2. Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.</p> <p>B1.3. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.</p> <p>B1.4. Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.</p> <p>B1.5. Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</p> <p>B1.6. Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música.</p>	<p>B1.1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	<p>MUB1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.</p>	CCEC CCL
			<p>MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.</p>	CMCCT CCEC
			<p>MUB1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.</p>	CMCCT CCEC
n	<p>B1.7. Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.</p>	<p>B1.2. Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>	<p>MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</p>	CCEC

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
n g	B1.8. Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. B1.9. Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas.	B1.3. Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	MUB1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	CAA CCEC
			MUB1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	CAA CCEC
a b d	B1.10. Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/a director/a e aos/as demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. B1.11. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. B1.12. Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	B1.4. Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	MUB1.4.1. Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.	CAA CCEC
			MUB1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	CCEC
			MUB1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	CCEC
			MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.	CCEC
			MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	CAA CCEC
a n	B1.13. Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical. B1.14. Composición individual ou en grupo de cancións e	B1.5. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.	CAA CCEC
			MUB1.5.2. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas	CSIEE

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.		compañeiras.	
g n d ñ	B1.15. Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.	B1.6. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.	MUB1.6.1. Práctica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.	CCEC
	B1.16. Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.		MUB1.6.2. Práctica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
			MUB1.6.3. A moso apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.	CSC
			MUB1.6.4. Práctica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.	CSC
			MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	CSIEE
Bloque 2. escoita				
n	B2.1. Utilización dos recursos necesarios para a	B2.1. Identificar e describir os instrumentos e as voces, e	MUB2.1.1. Diferencia as sonoridades dos	CCEC

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ñ	<p>comprensión da música escoitada.</p> <p>B2.2. Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.</p> <p>B2.3. Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.</p>	as súas agrupacións.	<p>instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</p>	CCEC
			<p>MUB2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.</p>	
n	B2.4. Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	B2.2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	MUB2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.	CCEC
ba	B2.5. Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	B2.3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	CSC
hn	B2.6. Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.	B2.4. Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	MUB2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.	CCL CCEC
			MUB2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.	CCEC
			MUB2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.	CCL
efm	B2.7. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	B2.5. Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.	MUB2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	CSC
			MUB2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	CSIEE CD
Bloque 3. Contextos musicais e culturais				
mn	B3.1. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica,	B3.1. Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras	MUB3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.	CCEC

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	radiofónica ou publicitaria. B3.2. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	disciplinas.	MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	CCEC
l n	B3.3. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	B3.2. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	MUB3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.	CCEC
l n ñ	B3.4. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. B3.5. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.	B3.3. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.	MUB3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego	CCEC
			MUB3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.	CCEC
			MUB3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.	CCEC
			MUB3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	CCEC CSIEE
h e	B3.6. Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.	B3.4. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".	MUB3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais	CCL
			MUB3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.	CCL
e n l	B3.7. Música actual: novas tendencias; concertos en directo.	B3.5. Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e	MUB3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.	CD

Música. 2º de ESO				
Obxectivos		Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		innovadores.	MUB3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.	CAA
Bloque 4. Música e tecnoloxías				
e n	<p>B4.1. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.</p> <p>B4.2. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.</p> <p>B4.3. Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.</p> <p>B4.4. Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.</p> <p>B4.5. Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.</p>	B4.1. Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.	MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilizaas como ferramentas para a actividade musical.	CD
			MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	CD CSIEE
e n	B4.6. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	B4.2. Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.	MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.	CD

Os estándares de aprendizaxe en negriña correspóndense co **grado mínimo de consecución** para superar a materia.

5.2. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 2º ESO

A temporalización terá unha certa flexibilidade dependendo da asimilación dos obxectivos, contidos e competencias básicas.

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓN
1	Ritmo en el cuerpo.	1ª	15
	Percusión corporal. Pulso y ritmo.		
	Escritura musical: pentagrama y clave de Sol.		
	Cualidades del sonido: duración, altura, intensidad y timbre.		
	Producción del sonido: ondas sonoras, aparato auditivo. Ruido y contaminación acústica. Paisajes sonoros.		
2	Una voz prodigiosa.	1ª	15
	La voz humana. Respiración y articulación.		
	El pulso y el acento musical. El compás: binario, ternario y cuaternario.		
	Producción de la voz. El aparato fonador y resonadores.		
	Clasificación de las voces según la tesitura.		
	Tipos de agrupaciones vocales.		

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓN
3	Mil y un instrumentos.	2ª	12
	Origen de los instrumentos musicales. Construcción de instrumentos: luthier. Instrumentos únicos.		
	Los signos de prolongación del sonido: puntillos, ligadura, Calderón.		
	Tempo musical e indicaciones metronómicas. Signos de repetición.		
	Familias de instrumentos: cordófonos, aerófonos, membranófonos e idiófonos.		
4	La música clásica.	2ª	12
	Espacios de representación de la música clásica.		
	La escala musical. Tipos de intervalos. Las alteraciones. La armadura.		
	Tipos de agrupaciones instrumentales: la orquesta sinfónica y las agrupaciones de cámara.		
	La distribución de los instrumentos en la orquesta.		
	El papel del director, solista y concertino.		

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓNS
5	Raíces musicales.	3ª	11
	La música tradicional o folclórica. Etnomusicología.		
	Funciones de la música tradicional.		
	La melodía. Tipos de línea melódica. Las frases musicales suspensivas y conclusivas.		
	Instrumentos del folclore musical español. Danzas y agrupaciones tradicionales españolas.		
6	Estrellas del Rock.	3	11
	Música popular urbana.		
	Tipos de escala. Síncopa y notas a contratiempo. La anacrusa.		
	El jazz, el rock and roll y los estilos de la música popular urbana.		
	El pop y el rock en España.		
	La banda de rock y sus instrumentos.		

5.3 CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Identificar as cualidades do son e os elementos básicos da obra musical.
- Recoñecer os elementos da linguaxe musical: manexo dos elementos básicos contidos nunha partitura: pentagrama, figuras, silencios, clave de Sol e Fa en 4ª liña, alteracións.
- Interpretar patróns rítmicos básicos utilizando os instrumentos Orf, a frauta doce e/ou a percusión corporal.
- Interpretar as pezas estudadas na aula coa frauta doce e/ou outros instrumentos musicais dispoñibles nas aulas de Música e outros dos que dispoña o alumnado.
- Recoñecer e identificar a través da escoita activa de pezas de diferentes estilos así como as voces humanas e os instrumentos musicais tanto no seu aspecto físico como tímbrico, así como as agrupacións vocais e instrumentais: os coros, a orquestra, a banda, os grupos de jazz e de música actual, os instrumentos musicais tradicionais e de outras culturas.
- Manexar o léxico específico musical básico.
- Expresarse con claridade e rigor tanto oralmente como na escrita.

6. CURSO DE 4º DA ESO

6.1 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE E GRADO DE CONSECUCCIÓN DOS ESTÁNDARES.

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Interpretación e creación				
a b c m n	<p>B1.1. Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.</p> <p>B1.2. Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.</p>	<p>B1.1. Ensaiar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.</p>	<p>MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.</p>	CAA CSC
			<p>MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.</p>	CCEC
			<p>MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.</p>	CSC
a b c g l n	<p>B1.3. Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.</p> <p>B1.4. Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.</p>	<p>B1.2. Participar activamente nalgúnhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.</p>	<p>MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.</p>	CCEC CSC
b e f g l n	<p>B1.5. Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.</p>	<p>B1.3. Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.</p>	<p>MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.</p>	CD CMCCT
			<p>MUB1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.</p>	CD
a	<p>B1.6. Ámbitos profesionais</p>	<p>B1.4. Analizar os procesos</p>	<p>MUB1.4.1. Coñece e analiza</p>	CSC

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
ceglin	da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as. B1.7. Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.	básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.	o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	CSIEE
Bloque 2. escoita				
befhln	B2.1. Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.	B2.1. Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.	MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	CMCCT CCL CSC
			MUB2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.	CCEC
acehln	B2.2. A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	B2.2. Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.	MUB2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	CCL CCEC
hijlno	B2.3. Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.	B2.3. Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.	MUB2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	CCL CCEC
ahillL	B2.4. Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.	B2.4. Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.	MUB2.4.1. Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.	CCL CCEC
			MUB2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	CCEC CSC
			MUB2.4.3. Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	CSC CCEC

	Música. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
a e f g l n	B2.5. Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.	B2.5. Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.	MUB2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	CD CSC
a h l n	B2.6. A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais. B2.7. Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.	B2.6. Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.	MUB2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	CCL CCEC CSC
Bloque 3. Contextos musicais e culturais				
a b c e f h l n ñ	B3.1. Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.	B3.1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	CSC CCEC CSC CCEC
a b e l n	B3.2. Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais. B3.3. Manifestacións musicais doutras culturas.	B3.2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.	MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	CSC CCEC CSC CCEC
A b e h g i l n	B3.4. A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria. B3.5. Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.	B3.3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.	MUB3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxias entre a música e outras manifestacións artísticas.	CCL CSC CAA

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
A b c e h i l n	B3.6. Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana. B3.7. O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela. B3.8. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.	B3.4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	MUB4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	CAA CSC CCL
			MUB4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.	CD
Bloque 4. Música e tecnoloxías				
E f g l n	B4.1. Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores. B4.2. Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.	B4.1. Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.	MUB4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	CAA CD CMCCT
			MUB4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	CSC CSIEE
E f g l n	B4.3. Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.	B4.2. Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	MUB4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	CSC CD
E f g l n	B4.4. Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	B4.3. Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.	MUB4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	CAA CD
			MUB4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	CD CCEC CMCCT

Música. 4º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
E f g h l n	B4.5. Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.	B4.4. Caracterizar a función da música nos medios de comunicación (radio, televisión, cine, etc.) e as súas aplicacións na publicidade, nos videoxogos e noutras aplicacións tecnolóxicas.	MUB4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	CAA CD
A e f g l n	B4.6. Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais. B4.7. Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.	B4.5. Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.	MUB4.5.1. Amona interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	CD CCEC
			MUB4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	CD CCL CAA
			MUB4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtén de distintos medios e pode utilízala e transmitila utilizando distintos soportes.	CAA CL CD

Os estándares de aprendizaxe en negraña correspóndense co **grao mínimo de consecución** para superar a materia.

6.2. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS PARA 4º ESO

Esta temporalización terá flexibilidade en función da asimilación de contidos, obxectivos e competencias básicas.

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓNS
1	El jazz y sus Orígenes.	1ª	15
	Orígenes del jazz. Características y evolución histórica.		
	Inicios de la música popular moderna.		
	Sistemas de escritura musical: evolución de la notación musical.		
	La captura del sonido: grabación y reproducción.		
2	La música popular urbana.	1ª	15
	Características, evolución y estilos del rock and roll hasta nuestros días.		
	Clasificación de intervalos. Tipos de acordes.		
	La industria discográfica e Internet.		
	La producción, distribución y promoción de un disco.		
3	La música en las producciones audiovisuales.	1ª	15
	El lenguaje audiovisual. Tipos de música en las producciones audiovisuales y sus funciones.		
	Historia de la música en el cine: cine mudo y la evolución al cine sonoro.		
	El cine musical. El videoclip.		
	Elementos de la melodía y principales unidades melódicas: motivo, frase, período, sección.		
	La edición de vídeo: formatos de vídeo.		

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓNS
4	Música y artes escénicas.	2ª	18
	La ópera, opereta, zarzuela. El musical, teatro de variedades. El ballet clásico y danza contemporánea.		
	Formas musicales según su estructura y género.		
	El montaje de un espectáculo musical.		
5	Músicas del mundo.	2ª	18
	Tradiciones musicales de Europa, África, América, Asia y Oceanía.		
	Tipos de escala pentatónica. Escala hexatona.		
	Funciones de la música. Apreciación crítica de la música.		

	La prensa musical y la crítica musical.		
--	---	--	--

UNIDADES DIDÁCTICAS		TEMPORALIZACIÓN	
UD	CONTIDO	AVALIACIÓN	SESIÓNS
6	España y sus tradiciones musicales.	3 ^a	17
	Características de la música tradicional española. Tipos de cantos y danzas. El flamenco.		
	Tipos de compás: simples, compuestos, de amalgama. Cambios de compás. Grupos de valoración especial.		
	La música en la radio. Las plataformas de streaming. La música en la televisión y en la publicidad.		
7	La música culta en España.	3 ^a	16
	La música culta española desde la Edad Media hasta el s. XXI.		
	Tipos de textura musical: monodía, homofonía, polifonía, melodía acompañada. La modulación.		
	Educación musical en España. La edición de partituras.		
	Los derechos de autor y la piratería.		

6.3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- ❑ Saber recoñecer, ler e escribir os elementos básicos da linguaxe musical para unha mellor preparación para a interpretación vocal e instrumental das obras musicais.
- ❑ Utilizar a terminoloxía adecuada na análise das obras musicais obxecto de escoita.
- ❑ Consultar e realizar actividades de consulta e busca de información sobre a música e os medios de comunicación.
- ❑ Recoñecer algunhas das mostras máis importantes do patrimonio musical español, galego e de outras culturas.
- ❑ Saber analizar obras musicais mediante o uso de partituras e audicións atendendo ás súas características formais e estilísticas.
- ❑ Mostrar interese por ampliar o gusto musical, achegándose ao repertorio musical de outras culturas con actitude respectuosa e curiosa.
- ❑ Interese por profundar no coñecemento de composicións musicais de distintos estilos e procedencias.

- Interpretar pezas coa fruta doce e outros instrumentos musicais así como facer correctamente os exercicios de rítmica e percusión corporal.

7.SECCIÓNS BILINGÜES EN INGLÉS EN 2º ESO

OBXECTIVOS DA SECCIÓN BILINGÜE no Departamento de Música

A renovación das Seccións Bilingües no Departamento de Música no IES Coruxo - segundo a nova Orde do 12 de maio de 2011, que derroga e substitúe a Orde do 18 de abril de 2007 da Consellería de Educación-, ten como principal obxectivo a organización dunha materia non lingüística, a Música, na Ensinanza Secundaria Obrigatoria, que será cursada de xeito bilingüe en inglés e castelán por grupos de alumnos/as que voluntariamente escolleron contando coa pertinente autorización dos seus pais e aprobada polo Claustro de profesores, o Consello Escolar e a Inspección Educativa.

A finalidade de ter creada dita sección no curso 2009-10 no nivel de 2º ESO e que foi ampliada a 3º ESO no curso 2010-2011 para facilitar a continuidade no aprendizaxe de aqueles e aquelas alumnos/as que decidiron formar parte delas non é outra que a de reforzar a aprendizaxe da lingua estranxeira a través da incorporación parcial do seu uso como vehículo de comunicación na materia de Música, así como a adquisición en lingua inglesa da terminoloxía específica.

A programación didáctica para as seccións bilingües é a mesma que a que rexe para os grupos de Música en castelán.

Outros obxectivos que se poden alcanzar, pouco a pouco, a través da implantación no noso centro da Sección Bilingüe son:

1. Favorecer o plurilingüismo.
2. Fomentar a diversidade cultural.
3. Favorecer o enriquecemento do currículo.
4. Fomentar a participación do profesorado en traballos multidisciplinares
5. Impulsar a participación posterior en programas educativos internacionais tanto por parte do alumnado como do profesorado.

6. Impulsar o acceso do profesorado e do alumnado ao coñecemento de programas de innovación educativa.
7. Promocionar a aprendizaxe dunha lingua estranxeira que permita alcanzar unha competencia suficiente na mesma.
8. Desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas.
9. Utilizar estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos necesarios co fin de buscar información autónomamente en lingua inglesa sobre a Música.

Sabemos que ensinar linguas e outras materias separadas as unhas das outras, en compartimentos estancos, non producen os resultados máis satisfactorios. O uso da metodoloxía CLIL (Content and Language Integrated Learning), é dicir, a aprendizaxe dunha materia non lingüística a través de outra lingua, brinda a oportunidade de ir máis lonxe porque xera a fusión e a integración entre contidos e lingua dun xeito moi activo.

PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE

O presente proxecto foi renovado en 2º ESO e en 3º ESO, na materia de Música, dado que se cumpren as condicións de participación requiridas.

A lingua estranxeira utilizada na aula será, principalmente, o inglés e as probas obxectivas tamén serán realizadas en lingua inglesa.

No presente curso académico están constituídas no noso Departamento de Música:

□ 2 seccións/grupos en 2º ESO para alumnado que acaba de incorporarse por primeira vez ás Seccións Bilingües, e 1 sección/grupo en 3º ESO, sendo neste nivel case todo o alumnado procedente da Sección Bilingüe que cursaban 2º ESO o ano anterior.

As materias e o profesorado que participan neste programa da Sección Bilingüe son:

-**Área de Música:** Mónica Pérez Cortés, profesora de Música neste centro dende o curso 2020-2021 e tamén con destino definitivo.

-Coordinador/a do Departamento de Lingua Inglesa: Será un membro do Dpto de Inglés, nomeado pola Dirección do centro tendo en conta o acordo dos integrantes de dito Departamento.

A organización interna dos grupos de alumnos/as participantes no proxecto depende das decisións que toman a Dirección do centro e a Xefatura de Estudos segundo a organización académica e de horarios do centro para o curso académico, aínda que en principio consideramos que a mellor distribución do alumnado sería aquela que permitira o desdobre na materia.

Os/as pais/nais ou titores/as legais do alumnado integrado na Sección Bilingüe foron informados/as por escrito das características deste proxecto e autorizaron a inclusión e participación dos seus fillos e fillas nas mesmas.

CONTIDOS

Os contidos da materia de Música que se desenvolverán na Sección Bilingüe serán os mesmos xa establecidos con carácter xeral no currículo de Música 2º ESO , segundo a normativa vixente e tal e como quedan reflectidos na Programación Didáctica do Departamento de Música que rexe para o actual curso académico 2022-2023.

CONTIDOS 2º ESO

Unit 1: The sound and the basic materials of music- O son e as súas cualidades básicas.

Unit 2: Rhythm- O ritmo e a métrica musical.

Unit 3: Melody and Harmony- Melodía e Harmonía como elementos constitutivos da música.

Unit 4: The voice- A voz. Tipoloxía.

Unit 5: The musical instruments- Os instrumentos musicais.

Unit 6: The musical texture- A textura musical.

Unit 7: Form and Design: how music is organised- Forma e deseño: como se organiza a música.

Unit 8: Popular music- Música popular urbana e folclore. Music and other scenic and performing arts - A música e outras artes escénicas e interpretativas.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Nas clases dos grupos que integren a Sección Bilingüe o ensino impartirase en dúas linguas: en castelán e en inglés. Non se trata dunha ensinanza da lingua estranxeira, senón - e sobre todo-, dunha ensinanza de outra materia a través do uso dunha lingua estranxeira, o inglés, como lingua vehicular.

Ao ensinarmos unha materia non lingüística a través de outra lingua estranxeira a metodoloxía ten que ser diferente. O profesorado debe analizar as demandas lingüísticas de cada contido da programación e darlle ao alumnado o soporte lingüístico que precise. Nos niveis máis baixos, como acontece coa materia de Música no curso de 2º ESO (que trátase do primeiro ano en que o alumnado cursa dita materia na Secundaria Obrigatoria), a énfase porase en que o alumnado desenvolva máis destrezas receptivas que produtivas pero o alumnado terá que ler e falar na lingua estranxeira e precisará axuda e apoio para facelo. O desenvolvemento da destreza escrita poderá reducirse a copiar ou, por exemplo, contestar de xeito sinxelo a preguntas curtas. O que non se poderá pedir a este alumnado é que escoite e lea textos extensos nos que non se sentirán activamente involucrados. Como estratexias para apoiar a comprensión e a aprendizaxe utilizaremos cadros sinópticos, diagramas e outros materiais máis visuais, como DVD e conexións e investigacións na Rede.

Outra estratexia que poderá ser utilizada é por exemplo o uso da mesma actividade variando o número de alumnos/as que poidan intervir na mesma, desde o grupo completo ata facendo a mesma actividade en parellas ou en pequenos grupos.

Tamén realizaremos actividades de repetición e consolidación. Así, por exemplo, unha actividade escrita pode necesitar ser feita dúas veces, de xeito que a segunda vez o alumnado teña a oportunidade de centrarse máis no aspecto da utilización da lingua estranxeira para reforzala a través do seu uso.

Non consideramos necesario que a lingua materna (neste caso, o castelán ou ben o galego) sexa abandonada, pois moi ben pode ser utilizada na clase como un soporte e unha ferramenta máis de aprendizaxe. O alumnado moverase entre as dúas linguas, o castelán -ou o galego no seu caso- e o inglés, de xeito natural e continuado. En canto a avaliación, pode

ser considerado adecuado que o alumnado sexa avaliado de forma separada sobre a lingua e sobre os contidos. Nese caso, a avaliación dos contidos poderá ser feita na lingua materna. A aprendizaxe da lingua, dalgunha maneira, será algo incidental para o alumnado.

O profesorado pretende que o alumnado progrese e aprenda os contidos da materia e para o alumnado o uso da lingua estranxeira será un medio e non un fin.

O desenvolvemento da programación didáctica da materia de música no grupo bilingüe pode incluír actividades moi dinámicas, dado o carácter procedemental e práctico da materia en si mesma (práctica instrumental e vocal, exercicios rítmico- melódicos, etc.)

O léxico propio da materia de música pretende aprenderse polo seu uso. A utilización de material escrito e gráfico incorporárase desde o principio como referencia do que se fala na aula.

Como recurso auxiliar da comprensión propórase o uso de “listening” (actividades de escoita en lingua inglesa) para favorecer que o alumnado se familiarice coa lingua inglesa. Nas clases de música desenvolveranse tamén actividades de escoita activa de músicas de diferentes estilos e épocas e levaranse a cabo actividades de interpretación instrumental e vocal , esta última nas dúas linguas.

Nas clases tamén poderán ser utilizados outros materiais e fontes como artigos de xornais e revistas, presentacións Power Point, DVD, páxinas web, vídeos, webquest e hotpotatoes, ... en lingua inglesa.

O alumnado deberá manexar o léxico específico da materia de música na lingua inglesa. Deberá ser un obxectivo conseguir que o alumnado mellore a súa expresión oral e escrita na materia a través da utilización dun vocabulario axeitado.

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación e as probas serán os mesmos que os que figuran na programación didáctica para o resto do alumnado do mesmo nivel educativo que estudan en castelán: tests de contidos de tipo teórico (que incluírán preguntas e exercicios en lingua inglesa) e probas de audición musical, así como de interpretación vocal, instrumental e exercicios rítmico-melódicos.

Algúns dos criterios de avaliación do uso da lingua vehicular (inglés) na materia de Música serán:

- Coñecer e incrementar o léxico básico da área de música.

- Comprender expresións e termos relacionados cos temas estudados en inglés.

O profesorado participante na Sección Bilingüe manterá reunións periódicas co Coordinador/a do Departamento de Inglés para coordinar as actividades e atender as necesidades que se lle poidan presentar ao alumnado durante o desenvolvemento do proxecto.

Os procedementos de avaliación centraranse en :

- Observación sistemática do progreso do alumnado, valorando a súa participación na clase e o seu esforzo por integrar a lingua inglesa de xeito progresivo na aula.
- Realización de traballos de pequena extensión, esquemas, pequenas presentacións orais de temas musicais en lingua inglesa.

FONTES BIBLIOGRÁFICAS

A seguinte relación de libros é orientativa, pero pode servir de referencia para a preparación e o desenvolvemento das clases, aínda que se tomarán como referencia os libros de texto da materia para 2º ESO da editorial Santillana nas súas edicións en inglés.

(Os títulos que aparecen en negrita serán os utilizados polo alumnado de xeito continuado na aula, un en castelán e o outro en inglés.)

GSCE Music-The Revision Guide- Elena Delaney –Edit. CGP Group Publications. (50 exemplares deste libro foron adquiridos hai algúns anos polo Departamento de Música con cargo á dotación da Sección Bilingüe para utilizar tanto en 2º como en 3º ESO, dado que o seu contido adáptase en gran parte ó recollido no currículo vixente).

General Musicianship- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

First Assignments in music- David Tutt- Edit. Cambridge University Press.

Form and Design- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

Music Matters- C. Hiscock/M. Metcalfe- Edit. Heinemann.

Instruments of the orchestra- Roy Bennett- Edit. Cambridge Univ. Press.

Dictionary of music- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

Enjoying music- Roy Bennett- Edit. Cambridge University Press.

GSCE Music. AQA. Study Guide - Richard Knight. Rhinegold Education.

GSCE Music. Edexcel. Study Guide - Paul Terry. Rhinegold Education.

Music History. The complete Idiot's Guide. Michael Miller. Alpha Editions.

World Music Drumming- Will Schmid.Hal Leonard Corporation.

A Student's Guide to GSCE Music- David Bowman et al. Rhinegold Publishing Ltd.

History of Music- Roy Bennett. Cambridge University Press.

Uncovering CLIL- Peter Mehisto et al. Macmillan Books for Teachers.

Together in Rhythm. A Facilitator's Guide to Drum Circle Music-Kalani.Alfred Editions.

Teaching *other subjects through English*- Sheelagh Deller. Oxford University Press.

Ademais destes materiais, serán consultadas páxinas da Rede, tales como :

1. www.howstuffworks.com
2. www.sfskids.org
3. www.videojug.com
4. aula21.net
5. www.skool.com
6. www.englishpage.com
7. www.englishlistening.com
8. www.youtube.com
9. www.fmclassics.com

Poderanse, tamén, consultar con frecuencia páxinas de Internet de orquestras e outras, como www.teachernet.com e www.musicatschool.co.uk, e www.musictechteacher.com, que conteñen materiais amenos para traballar na aula de informática , con exercicios moi adecuados para os niveis en que se imparte a materia en inglés.

8. AVALIACIÓN

A avaliación debe abranguer tanto a actividade de ensinanza coma a de aprendizaxe e que debe ser constituído un proceso continuo, sistemático, flexible e integrador. Este proceso ten como obxectivos:

- Coñecer a situación de partida dos compoñentes que inciden no proceso no momento en que se propón a avaliación.
- Facilitar a formulación dun modelo de actuación adecuado ao contexto, en función dos datos anteriores.
- Seguir a evolución do desenvolvemento e aprendizaxe dos alumnos.
- Tomar as decisións necesarias para adecuar o deseño e desenvolvemento da nosa acción educadora ás necesidades e logros detectados nos alumnos e nos seus procesos de aprendizaxe.

8.1. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ESO. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. INDICADORES DE LOGRO.

Os instrumentos para a avaliación serán os seguintes:

- Probas obxectivas: unha (1) proba teórica escrita de contidos e audición musical, que poderá ser tipo test, unha (1) proba práctica de linguaxe musical e/ou unha (1) proba de interpretación vocal ou instrumental por cada avaliación. Con todo, e dependendo sempre das características do noso alumnado, as devanditas probas poderán ser substituídas por outros procedementos de avaliación: exames tipo test, realización de traballos individuais ou colectivos así como traballos por proxectos e mesmo o emprego dos formatos dixitais para a realización e presentación de traballos: Genially, Powerpoint, Moviemaker,...Todas estas probas poderán utilizarse como instrumentos para avaliar os alumnos.
- Montaxes de obras e interpretacións de fragmentos musicais, que poden incluír *playbacks* de distintos fragmentos de musicais, arias de ópera, etc.
- Actividades de consulta, síntese e busca de información sobre obras musicais, compositores/as, períodos estilísticos, instrumentos musicais, xéneros musicais, etc.
- Traballos individuais e de grupo. Traballos por proxectos.
- Observación sistemática na aula: preguntas e intervencións orais.
- Realización e entrega de traballos escritos así como realización e exposición oral, individual ou en grupo, de traballos de investigación encomendados polo profesorado.

- A utilización regular e axeitada do material didáctico: libro de texto, caderno de clase e exercicios así como dos instrumentos musicais. A asistencia a clase sen material - incluíndo á fruta doce- será valorada negativamente tanto nas cualificacións parciais como na avaliación final.
- A participación activa e con interese nas actividades didácticas propostas polo profesorado do Departamento de Música ou por outros Departamentos didácticos ou a Vicedirección do centro dentro e fóra da aula : concertos de fin de curso, celebración de Antroido e Magosto; asistencia a concertos didácticos dentro ou fóra do centro, visitas a exposicións, asistencia a ensaios de orquestras ou a talleres de construción de instrumentos musicais ou talleres de percusión, visita a emisoras de radio, etc...

SISTEMAS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN na ESO

CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN

Para a **cualificación en cada avaliación** se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

- Probas obxectivas de práctica rítmica e/ou melódica, tanto instrumental como vocal; probas obxectivas escritas de contidos teóricos e audición musical. Poderán realizarse probas tipo test, probas de pregunta corta, de resposta múltiple, probas que inclúan o manexo de ferramentas informáticas (programas de edición e creación musical audiovisual, participación nun blog, etc... E traballos de avaliación considerados de suma importancia debido ós seus contidos . Estes tres bloques suporán un **60% sobre a cualificación.**

Queda terminantemente prohibido o uso de “chuletas” nas probas escritas.

- Traballo puntuable diario na clase ou a realizar na casa (tarefas do libro, tarefas de breve investigación, exercicios, etc) ; regularidade no traballo na clase e na casa; voluntariedade; traballos de investigación e síntese utilizando formatos analóxicos e dixitais, exposicións e presentación de traballos encomendados orais e/ou escritos tanto individuais ou colectivos; utilización regular/ axeitada do material didáctico (incluíndo o caderno de clase e os instrumentos musicais); o cuidado na expresión oral e escrita; a actitude na aula, a actitude positiva fronte á materia, o respecto ás normas de convivencia na aula e no centro educativo, o esforzo por superar as limitacións propias, o espírito cooperativo nas actividades desenvolvidas na aula, a participación nas actividades musicais organizadas na aula e no centro, a asistencia a concertos ou outras saídas didácticas fóra do centro convocadas polo Departamento, e outras actividades similares propostas.: **40 % sobre a cualificación.**

Estas porcentaxes son aplicables para **2º e 4º ESO.**

O alumnado saberá con antelación a importancia que ten cada traballo a presentar e como se cualificará. Realizarán obrigatoriamente actividades pertencentes a todos os bloques de contidos manifestados con anterioridade na programación.

Calquera proba, traballo ou caderno non entregados dentro do prazo establecido, considerarase cunha cualificación de cero puntos.

Poderá esixirse unha puntuación mínima determinada de cada parte que dará a opción a poder valorar ó resto (para poder así relaizar a media), neste caso tres puntos (sobre 10).

A ausencia do alumno/a á realización das probas obxectivas non xustificada documentalmente conlevará a non superación da materia e a obtención da cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procederá en ningún caso.

Se se ten en conta que a materia de música é de contidos progresivos especialmente na práctica instrumental, supónse que o alumno que obteña resultados satisfactorios na 2ª e/ou na 3ª avaliación, ten resoltas e superadas as dificultades das avaliación anteriores porque como reza o principio xurídico latino “Qui potest quod est plus, minus potestis facere”(“ quen pode o máis, pode o menos”), o que conleva que a superación da 2ª avaliación supón a superación da 1ª no aspecto práctico instrumental ou vocal, aínda que poderán facerse probas de recuperación dos contidos teóricos se así o estimase oportuno o profesorado do Departamento.

CUALIFICACIÓN FINAL CONVOCATORIA DE XUÑO

A cualificación final na convocatoria de xuño obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións.

O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

No caso de que un/unha alumno/a non se presente a algunha das probas,- sen que sexa debidamente xustificada dita ausencia-, ou se negue a realizar algunha das probas obxectivas propostas ao longo das 3 avaliacións do presente curso académico, este feito suporá a non superación da avaliación, obtendo a cualificación de **INSUFICIENTE**. Este criterio será aplicado tanto nas avaliacións parciais/trimestrais como na avaliación final de xuño .

INDICADORES DE LOGRO

Canto ós **indicadores de logro** aplicados a todos os cursos de xeito global:

a. Indicadores de logro individual:

- Saber interpretar unha peza musical vocalmente ou instrumentalmente, tendo en conta todas as indicacións de ritmo, tempo, expresión, forma, etc.
- Saber intepretar unha partitura musical que presenta ben os signos musicais tradicionais ou signos gráficos.
- Deducir, a partir dunha audición musical, os elementos musicais fundamentais: aspectos rítmicos, melódicos, formais, tímbricos,.....
- Manter unha actitude de silencio previa a todo feito musical e saber seguir as indicacións do profesor ó longo do desenvolvemento da peza. Actitude de respecto ante as interpretacións alleas.

b. Indicadores de logro colectivo:

- Saber interpretar colectivamente unha peza musical vocalmente ou instrumentalmente, asumindo o rol que corresponda dentro da partitura, respetando as intepretacións dos compañeiros.
- Saber traballar en equipo con responsabilidade e autonomía, asumindo o liderazgo cando corresponda, co fin de acadar un resultado global positivo.
- Elaborar montaxes audiovisuais nas diferentes actividades programadas polo departamento (Semana da Música, Entroido), involucrándose activamente e con ilusión nestes proxectos.

Nalgúns casos, empregaremos as rúbricas ou follas de avaliación para medir os indicadores de logro. Ademáis, empregaremos estas estratexias para que o alumnado participe na avaliación dos seus logros: autoavaliación, coavaliación, participación en actividades colaborativas. Do mesmo xeito, o profesorado avaliará a súa práctica docente, tentando mellorar aspectos pedagóxicos.

8.2. AVALIACIÓN INICIAL

Observación na aula durante o inicio do curso

Durante os primeiros días de curso farase un seguimento especial do alumnado recién chegado á nosa materia e que incluírá unha proba escrita ou oral ou de práctica instrumental, que conterá preguntas de linguaxe musical e léxico específico da materia dos cursos anteriores para avaliar os coñecementos previos e o grao de suficiencia do alumnado. Tamén se realizarán preguntas orais e se fomentará a participación activa na aula, facendo exercicios rítmico-melódicos con actividades de repaso de materiais e contidos de linguaxe musical e audición musical do curso anterior co obxecto de poder determinar e avaliar o seu nivel inicial. As datas para esta avaliación inicial serán as que propoña a Dirección do centro acordadas ao comezo do curso, probablemente nas primeiras semanas de outubro, que terá en conta o acordo do Claustro ou a Comisión Pedagóxica. Se for necesario, as familias poderán ser informadas dos resultados desta proba de avaliación inicial a través dos/as titores/as ou do equipo directivo. Á vista dos resultados das probas de avaliación inicial, que se realizarán nos cursos da ESO agás o 2º ESO porque o alumnado dese nivel non cursou a materia de música en 1º ESO, poderíanse levar a cabo certas modificacións na Programación para adaptala ó nivel do alumnado.

8.3 PLAN DE TRABAJO E MECANISMOS PARA A SUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES NA ESO . PROBAS.

O alumnado poderá optar por superar as materias pendentes de xeito parcial ao longo do curso ou ben realizando unha proba global de contidos e práctica musical no mes de maio ou xuño . A profesora encargada do seu seguimento (unha das que están a impartir a materia no nivel) asignaralle o plan de traballo seguindo as propostas que se plantexan nesta Programación Didáctica.

O alumnado da ESO será convocado a reunións informativas ó comezo de cada avaliación/trimestre, nas que se lles darán as pautas e lles serán asignadas as tarefas a realizar por cada avaliación. Para calquera aclaración ou resolución de dúbidas que se lle poidan presentar aos alumnas ou alumnos coa materia pendente, poderán dirixirse en todo momento ao profesorado da materia.

O alumnado que teña a materia de Música pendente de cursos anteriores deberá realizar probas escritas e/ ou de práctica instrumental, unha por trimestre ao longo do presente curso académico.

A realización de todas as probas sinaladas e a dos traballos encomendados será obrigatoria para todos o alumnado coa materia pendente, se queren superar por parciais a materia.

En ditas probas o alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores deberá acreditar a súa suficiencia na materia. O contido específico das probas será deseñado polo profesorado do Departamento e conterà- en calquera caso- os mesmos contidos mínimos que se fixan nesta programación para o nivel de estudos correspondente.

O/a alumno/a que non realice algunha das probas trimestrais, realizará unha proba global única no mes de maio ou xuño, e de non superala nesa convocatoria, terá que presentarse na convocatoria final de finais de Xuño.

Os contidos das probas, as convocatorias para a realización das mesmas ou presentación de traballos así como calquera outra notificación pertinente, expóranse, con suficiente antelación, no Taboleiro de Materias Pendentes e nas aulas do Departamento.

CONTIDOS DAS PROBAS PARA o ALUMNADO COA MATERIA de MÚSICA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

❖ 1º Trimestre/Avaliación: Elaboración dun traballo manuscrito .

Cunha extensión de entre catro e seis folios sobre un tema incluído na programación do curso que o alumno ten suspenso

Para o desenvolvemento de dito traballo o alumnado poderá manexar cantas fontes (libros de texto, manuais, Internet,etc...) considere necesarias e, en calquera caso, deberá citar a bibliografía consultada. Pódense así mesmo utilizar ilustracións (fotos e debuxos de instrumentos, por exemplo, así como inserir vídeos explicativos do tema elixido).

❖ 2º trimestre/Avaliación: Proba de interpretación instrumental coa fruta doce e/ou outros instrumentos musicais

O/a alumno/a deberá interpretar coa frauta doce unha peza musical seleccionada ao chou das contidas nos libros de texto que rexiron no curso do que teñen a materia pendente e das que foran estudadas no curso anterior.

- ❖ **3º trimestre/Avaliación Ordinaria** Proba escrita, tipo test, con preguntas de resposta múltiple sobre os contidos teóricos e léxico especificamente musical do temario do libro de texto, que incluírá tamén preguntas sobre **audicións** feitas na clase e aquelas tamén recollidas nos discos compactos que acompañan aos libros de texto.

A valoración (en porcentaxes) para a superación da materia pendente é a seguinte:

- Traballo manuscrito: **50% da cualificación final.**
- Proba de interpretación coa frauta doce: **25 % da cualificación final.**
- Proba tipo test de contidos teóricos, léxico e audicións musicais: **25% da cualificación final.**

8.4. PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO REPETIDOR NA ESO.

A principio de curso, unha vez estean elaboradas as listas definitivas, se fará unha reunión de Departamento para tratar o tema do alumnado repetidor. Nesta reunión se determinarán as causas que motivaron a repetición de curso (baixo nivel na adquisición das competencias, desinterese, actitude, absentismo, etc) ca axuda se for preciso de informes doutros Departamentos, especialmente o de Orientación.

O alumnado de baixo rendemento académico se incorporará, xa dende principio de curso, ás medidas de reforzo educativo do propio Departamento detalladas no apartado correspondente. Outro tipo de problemáticas que precisen medias especiais que excedan o ámbito do noso Departamento deberán ser consensuadas con outros Departamentos e coordinadas polo Departamento de Orientación.

Para o alumnado coa materia do curso anterior suspensa adoptaranse medidas como as seguintes:

-Atención especial sobre a súa participación, asistencia e traballo cotiá.

-Proposta de actividades de reforzo adecuadas a cada fase do aprendizaxe.-

Comunicación constante co titor ou titora para facer o seguimento do avance do alumno ou alumna.

Para o alumnado coa materia aprobada do curso anterior se adoptarán outras medidas, que inclúen:

-Proposta de actividades de ampliación que favorezan a adquisición de competencias e a preparación para cursos posteriores.

-Participación do alumnado en tarefas cooperativas nas que os seus coñecementos previos podan influír positivamente no aprendizaxe dos seus compañeiros e compañeiras.

8.5 MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Para este propósito seguiremos estes criterios:

- Analizar os resultados académicos acadados en cada avaliación.
- Reflexionar sobre os resultados acadados, valorando qué aspectos da práctica docente son susceptibles de mellora.
- Revisar o proceso ensinanza-aprendizaxe (metodoloxía) en función das características e diversidade do alumnado, tendo en conta especialmente ó alumnado de diversificación curricular e o que presenta claras dificultades de aprendizaxe.
- Facer crítica da información recollida nos diarios de clase. Isto permitirá as modificacións oportunas.

8.6. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Indicadores de logro do proceso de ensino

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				

2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Indicadores de logro da práctica docente

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Periodicidade coa que se revisará.
- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Indicadores

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				

24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

9.METODOLOXÍA

9.1 Metodoloxía didáctica

Traballar de xeito competencial na aula, supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor do coñecemento do alumnado e o alumnado adquire un maior grado de protagonismo. En concreto, na área de Música:

Os pilares fundamentais da ensinanza da música son a **audición** e a **expresión**, e polo tanto, a metodoloxía debe dirixirse a desenvolverlas nas súas diferentes manifestacións.

A audición permite o disfrute da música, facilita a asimilación dos contidos e desenvolve as capacidades perceptivas para aumentar a capacidade de análise e despertar o interese. Estes tres planos da audición deben potenciarse mutuamente para que os coñecementos técnicos mellores a percepción e o disfrute, e estes, a súa vez, melloren a comprensión e a profundización técnica e analítica.

A expresión engloba a interpretación vocal, instrumental e corporal, a composición e a improvisación.

A interpretación vocal, ó empregar o instrumento máis inmediato, a voz, permite unha expresión directa e espontánea na personalidade do alumno. É un vehículo axeitado para mellorar a interiorización e a formación auditiva.

A interpretación instrumental é o eixe vertebrador en torno o cal se organizan os diversos contidos ó longo do curso. Ademais de mellorar as destrezas instrumentais, o alumnado é quen de interconectar contidos de escoita, creación e improvisación, evolución histórica, linguaxe musical, lecto-escritura, valores,....

A interpretación corporal, baseado nos vínculos entre o movemento corporal e o movemento musical, desenvolve o sentido kinestésico, a través do cal o movemento corporal vencellase co movemento sonoro, creando imaxes audiomotrices que constitúen un repertorio de percepcións.

Todas as actividades de interpretación, non solo responden ás necesidades expresivas e individuais, e actúan como canalizador de emocións, se non que tamén responden ó pracer de participar e facer música en grupo. Deste xeito , fóméntase a autoestima, a autonomía e a responsabilidade.

A improvisación, ademais de ser un medio de expresión creativa e de reforzamento da autoestima, convértese nun recurso metodolóxico ó explorar os elementos da linguaxe musical e corporal , e reforzar o pensamento creativo xunto co da composición musical.

A composición, guiada ou libre, é a manifestación da interiorización dos contidos asimilados con cada un dos niveis. Serve de canle expresivo e creativo, e implica unha reflexión, selección, estruturación e toma de decisión, dun xeito lóxico e crítico.

Debemos adestrar sistemáticamente os procedementos que conforman a andiamaxe da materia. O alumnado debe desenvolver actitudes que conducen á reflexión e ó análise

musical. Para isto debemos potenciar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a presentación de traballos en público e a comunicación audiovisual.

En todos os aspectos interpretativos e expresivos colectivos, o traballo en grupo colaborativo aporta, ademáis do adestramento de habilidades sociais e o enriquecemento persoal dende a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir contidos de este aspecto.

Finalmente, cada alumno parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolven dende a teoría das intelixencias múltiples, facilita que todo o alumnado poida comprender os contidos. É indispensable a vinculación á contextos reais.

De forma global, detállanse os seguintes **criterios metodolóxicos** a ter tamén en conta:

- Globalización dende a relación coas outras materias e entre os diferentes núcleos de contidos.
- Profundización nos aspectos conceptuais xa que se adquire maior nivel madurativo.
- Identificación dos coñecementos previos dos alumnos /as para enfocar a aprendizaxe.
- Relación de aprendizaxes con situacións da vida cotiá.
- A música como actividade favorecedora da comunicación, expresión e representación.

De forma máis concreta, cabe engadir os seguintes criterios metodolóxicos para toda a música na ESO:

- Aproximación progresiva ó análise crítico.
- Discriminación e ordenación na percepción auditiva dos parámetros do son e dos elementos da música. Práctica da linguaxe musical.
- Creación e composición musical dando gran importancia á improvisación musical.
- Facilitar o deseño, planificación e realización de actividades de aprendizaxe nas que se utilicen elementos propios doutras áreas (Educación Plástica, Tecnoloxía, Linguaxes,...)
- Crearanse situacións de participación e comunicación, improvisación vocal, instrumental, de movemento, exposición de ideas, experiencias e

sentimentos que faciliten e promovan as aportacións individuais e de grupo. Ademais traballárase a coordinación, lateralidade e percepción espazo-temporal.

- Ambiente de confianza que favoreza a actitude de participación activa; valoración do traballo persoal e dos demais; axuda e cooperación ; búsqueda e exploración; desinhibición.
- Realización de gravacións, utilización de montaxes audiovisuais, actividades de expresión instrumental,... todo isto existirá o desenvolvemento de actitudes do correcto uso, coidado e mantemento de aparellos de uso individual e colectivo; procedementos de organización, arquivo e clasificación e a combinación de tempos e espazos compartidos.
- Empregar estratexias metodolóxicas que estimulen o ritmo de aprendizaxe de cada persoa , tendo en conta a súa actitude e interese. Adaptando o currículo da área segundo as circunstancias que atopamos na clase.
- Darase a oportunidade para que os alumnos/as poñan en práctica os novos coñecementos; que poidan facer unha análise dos avances que se producen e constrañar ideas cos demais, modificando e reelaborando os esquemas propios na aprendizaxe.
- Proponer a asistencia como espectadores a concertos, ballets, coreografías,...
- Preparar e participar en actividades como concertos, representacións,... como intérpretes.

A metodoloxía debe atender tamén á creatividade, con inclusión de actividades que estimulen o pensamento, e fomenta a socialización ou traballo en grupo.

En canto as estratexias no uso da **lingua inglesa** en 2ºESO:

A coordinación entre o profesorado implicado é moi importante, polo que a metodoloxía a utilizar poderá ir variando segundo vaian xurdindo as dificultades. Certas tarefas de axuda na comprensión da clase de Música veranse apoiadas desde a aula de Inglés.

A idea fundamental é o uso gradual da lingua inglesa na clase. Inicialmente utilizaranse instrucións sinxelas e habituais na asignatura. Pouco a pouco pasarase ao uso de estruturas máis complexas e longas.

Algo importante é lograr que desde un principio se vexa como natural o uso do inglés na aula para que eles tamén se animen a falar (iniciándose con estruturas breves e pechadas). Romper o medo a equivocarse será un indicio de que se producen avances.

En calquera caso, o uso da lingua propia (galego ou castelán) poderá usarse cando as circunstancias así o requiran, pero coa idea de reduci-lo progresivamente, tanto na comunicación profesor-alumno como entre o propio alumnado.

O vocabulario da aula e o propio da materia pretenden aprenderse polo seu uso. O uso de material escrito e gráfico incorporárase desde o principio como referencia do que se fala na clase.

Como elementos auxiliares da comprensión propóñense: o uso do “listening” como tarefa individual de traballo auditivo e o uso de soporte audiovisual cando así se considere.

Indicar como estratexias específicas de Música, ademáis dos criterios metodolóxicos xa comentadas con anterioridade, as seguintes:

- Realizar un ficheiro básico do vocabulario musical utilizado ao longo do curso.
- Ler textos sinxelos en inglés de forma comprensiva sobre os periodos da historia da música.

Destacar, que neste curso académico, temos un alumno americano cursando 4ºESO. Actualmente, o seu nivel de castelán/galego é casi nulo, o que provoca que teña claras dificultades para seguir as clases. A profesora encargada de darlle clase, Mónica, non ten problema para comunicarse con él en inglés, pero o seu obxectivo é facer unha inmersión na vida escolar do centro, e polo tanto, debe aprender a expresarse en castelán/galego. Dende o departamento optamos por adaptar os materiais ó inglés, co gallo de facilitarle a asimilación de contidos na nosa lingua. Esperamos que, progresivamente, sexa quen de comunicarse oralmente e a nivel de comprensión en castelán/galego. Axuda o feito de que o seu nivel musical é bastante bó.

9.2. Medidas de Atención á diversidade

É un obxectivo primordial da ESO ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado, que presenta unha pluralidade de intereses, necesidades, diferentes formacións musicais. Así, nesta materia, é habitual atopar alumnos dotados de coñecementos musicais superiores ó resto da clase, xa que son estudantes de conservatorios ou escolas de música. Pero tamén é habitual a existencia dalgún alumno/a que presenta algunhas carencias que lles impide seguir o ritmo de aprendizaxe do resto dos seus compañeiros.

A diversidade de intereses, o diferente grado de asimilación de contidos teórico-prácticos, as variadas aptitudes, están latentes no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de conseguir a interacción e intercambio entre o alumnado; que sexan capaces de aceptarse e aceptar aos demais e que poidan ter entre todos respecto e confianza. Co traballo de cooperación poderán coordinar e colaborar nas actividades de canto, grupos instrumentáis, coreografías e danzas; son actividades nas que hai que chegar a acordos e hai que ter en conta aos demais para conseguir un resultado final aceptable. Ademáis nas actividades haberá diferentes graos de realización para evitar a discriminación na consecución de logros, polo que é preciso ser flexibles. Axustarase o currículo segundo sexa preciso para chegar aos mínimos; tamén incluíndo actividades de ampliación e investigación para o alumnado que supere o nivel esixido.

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as seguintes estratexias:

***Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:**

- O número de alumnos.
- As necesidades que se puideran identificar. Convén pensar, nesta fase, en formas de abordalas.
- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
 - Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.

- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.

*** Para alumnos con altas capacidades intelectuais:**

- O número de alumnos.
- Flexibilizar a duración das etapas educativas.
- Facilitar actividades de ampliación.

***Outros grupos de alumnado que requiren unha atención educativa específica:**

- Alumnos de integración tardía ao sistema educativo.
- Alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe

9.3. Educación en valores. Elementos transversais.

A interdisciplinariedade da música facilita o tratamento da educación en valores, presente nas unidades didácticas.

1. Educación ambiental.

Tratarase de concienciar ó alumnado acerca dos excesos de ruído do noso entorno e a atención ó silencio como marco imprescindible na execución musical. Ademais a construción de instrumentos musicais con materiais naturais contribúe ó respecto do medio ambiente.

2. Educación para a saúde.

Estará presente na práctica vogal, instrumental e corporal.

Na educación da voz, debe cuidarse o aparato fonador, evitando certos vicios que afecten ó aparato respiratorio. A práctica instrumental favorece ó tono muscular equilibrado. A través do movemento obtense un tono muscular correcto e unha boa osixenación. Trátase ademais de que o alumnado aprecie as posibilidades expresivas do seu corpo.

A música incide de forma positiva no equilibrio personal e anímico das persoas.

3. Educación para a igualdade entre sexos.

Propiciarase un ambiente de igualdade entre os rapaces/as, tanto na práctica vogal como na corporal. No movemento o cambio de roles debe ser un recurso habitual, e na práctica vogal debe traballarse a complementariedade de voces mixtas.

4. Educación para a paz e a tolerancia.

Ambas dúas deben estar presentes en tódalas programación da aula. Por unha parte hacia as personas do entorno inmediato, en canto á aceptación dunha serie de normas imprescindibles nas diferentes actividades prácticas; por outra parte hacia as diferentes culturas do mundo, cegando a alcanzar a súa comprensión por medio da audición, práctica vogal e instruemntal de pezas características de outras etnias, execución de danzas folclóricas, etc.

5. Educación para o lecer.

Debido o aumento do tempo de lecer, débese inculcar no alumnado o seu aproveitamento, ofrecendo actividades lúdico-musicais extraescolares, como ofertas relacionadas ca danza, ou a posibilidade de ampliar os seus coñecementos en centro especializados de música, así como a posible participación en diferentes agrupacións instrumentais como bandas, etc.

6. Educación para o consumidor.

O consumo de música é algo habitual entre os adolescentes, polo que é necesario desenrrolar neles unha actitude crítica ante o fenómeno musical. O sentido crítico debe estar presente para evitar caer nun consumo excesivo e inxustificado.

7. Educación moral e cívica.

Estará presente nos contidos actitudinais baseados no respecto e acatamento das normas necesarias para realizar tarefas de índole práctico. Ademáis, a contribución á educación cívica obsérvase na relación da música ca sociedade, en tódalas etapas da historia da música.

9.4 Organización do espazo e do tempo

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

O espazo na aula, deberá permitir as modificacións que se necesiten para levar a cabo as actividades programadas.

A aula de música debe ser unha aula espaciosa con boa luz e ventilación, lonxe de ruidos externos para centrarse na investigación sonora.

Movemento, expresión corporal e danza requiren grandes espazos. O chan precisa dun material cálido onde os alumnos/as poidan sentarse ou tumbarse. Os instrumentos musicais necesitan un espazo onde poidan estar listos para facer música pero tamén precisan armarios con capacidade e protección onde poder gardarse.

Deste xeito sería posible fomentar actitudes favorables de traballo nos alumnos/as cara o uso correcto da aula e dos recursos materiais disponibles.

Contamos con dúas aulas de Música, pero unha delas é moi pequena, o que dificulta as propostas didácticas plantexadas.

ORGANIZACIÓN DO TEMPO

Será unha organización flexible en función da diversidade de actividades e situacións que se presenten.

A duración dos exercicios musicais auditivos estará en relación coas capacidades de atención e concentración e memoria sempre tratando de manter o interese para o que haberá estímulos suficientes e coidando moito o cansancio.

Ademais propóñense actividades que aínda que non son propiamente musicais si están relacionadas co proceso de aprendizaxe e para as que a adicación temporal terá diferente duración, e que contribuirán a reforzar as aprendizaxes e limitar o cansancio.

Tamén hai que ter en conta os tempos que se invirten na recollida e distribución do material, dos traballos en grupo e da exposición dos mesmos.

9.5. Material e recursos didácticos

As clases desenvólvense nas dúas aulas específicas e contiguas de que dispón o Departamento e ambas aulas reúnen boas condicións de luz e dispoñen de material instrumental, sonoro e bibliográfico suficiente e axeitado para impartir a materia.

O Departamento conta cos seguintes recursos didácticos:

- (1) 1 ordenador en cada aula de música con acceso a Internet, canóns de proxección e pantallas, encerado pautado e discos duros externos para o almacenamento de materiais gravados.
- (2) Colección de discos compactos
- (3) Biblioteca de aula
- (4) Instrumentos musicais Orff, órganos eléctricos (6), guitarras, baixo eléctrico con amplificador, caixón de percusión, batería, frautas doces, frautas altos e tenores, saxofón, frauta travesera e clarinete didácticos así como outro material de pequena percusión.

Libro de texto a utilizar en 2º ESO: Introducción a la Música. Serie Escucha. Editorial Santillana.
--

Libro de texto a utilizar en 4º ESO: Música. Serie Escucha. Editorial Santillana.
--

Outros libros ou enciclopedias para uso e consulta sobre a materia:

- Colección Entorno Musical. Varios autores. Textos e cd's. Editorial Akal.
- Música Clásica a simple vista. Marcus Weeks. Ediciones Celeste.
- La música y su evolución. Texto y audiciones. Pep Alsina et al. Editorial Graó.
- Cómo funciona la música. Neil Ardley. Muchnick Editores.
- Classic Remix. Varios autores. Editorial Fuzeau.
- Atlas Básico de Música. Varios autores. Editorial Parramón.
- Libros de apoio e consulta da editorial Hermex Iberica e Foizeau.
- Libros diversos sobre instrumentos musicales e músicas de outras culturas.

Sección Bilingüe

Libro de texto 2º ESO : Por cuestións de organización das clases e, tendo en conta o baixo nivel de inglés do alumnado , serán utilizados diferentes manuais de consulta combinados según necesidades didácticas, aínda que se tomarán **como referencia** os libros de texto da editorial Santillana que se usan para as clases en castellano. O alumnado das Seccións Bilingües non terán, por tanto, un libro de texto

Outra bibliografía en lingua inglesa que será consultada tanto polo profesorado como polo alumnado inclúe, entre outros, os seguintes títulos:

- Enjoying music. Roy Bennett. Cambridge University Press, 1995.
- Introduction to Music . Editorial Santillana
- History of Music. Editorial Santillana.
- Music I and Music II. Editorial Santillana.
- Music Quizzes. Editorial Alfred Publishing.
- GCSE Music. The Revision Guide. CGP Books, 2009.
- Classical music for beginners. Stacy Combs. Writers and readers Publishing, 1994.
- World Music. The Rough Guide. Rough Guides, 2000.
- General musicianship. Roy Bennett. Cambridge University Press,1997.
- The Oxford Music A to Z. H. Carpenter e P.K.Christinetine Wood. Oxford University Press,1997.
- Keynote. Tim Cain. Cambridge University Press,1995.
- AQA GSCE Music .Study Guide. Richard Knight. Rhinegold Education, 2009.
- History of music. Roy Bennett. Cambridge University Press,1987.
- Edexcel GSCE Music. Study Guide. Paul Terry Rhinegold Education, 2009.
- World Music Drumming. A cross-cultural curriculum. Will Schmid. Hal Leonard,1998.
- Music Dictionary. Roy Bennett. Cambridge University Press.
- The complete idiot's guide to Music History. Michael Miller. Alpha Books, 2008.

10. APORTACIONES Ó PLAN LECTOR

O plan lector céntrase na lectura como unha das competencias básicas que contribúen ó desenvolvemento persoal e social do individuo. Porén, non debemos olvidar a estreita relación existente entre ler e outros procesos intelectuais como son escribir, falar e escoitar, que posibilitan a potenciación das competencias necesarias para adquisición das aprendizaxes.

Dende o departamento de música promoverase o desenvolvemento da competencia lectora entre o alumnado a partir do afianzamento dos hábitos de lectura.

10.1 Competencias lectoras que deberían dominar os nosos alumnos/as:

- Aprendizaxe dos códigos: escritos, visuais, sonoros,...
- Comprender a información explícita dos textos continuos (narrativos, expositivos, argumentativos,...) e discontinuos (formularios, gráficas, esquemas..)
- Saber responder a preguntas localizadas nun fragmento.
- Comprender globalmente un texto.
- Deducir a idea principal dun texto.
- Organizar de xeito xerárquico a información dun texto.
- Saber identificar a estrutura dun texto.
- Emitir xuízos críticos sobre o contido dun texto.

10.2 Organización de espazos e tempos. Creación de ambientes lectores.

- Na aula: o espazo natural para o desenvolvemento das competencias lectoras do alumnado, e onde terá lugar a hora de ler. Adicaráse á hora de ler 10 minutos de cada clase á semana.
- Na biblioteca: aproveitar os recursos que ofrece para incidir no desenvolvemento da competencia lectora.
- Na casa: débese dar continuidade ó hábito da lectura traballado na aula.
- Na aula virtual: o departamento de música promoverá a participación do alumnado na aula virtual mediante documentos, enlaces, suxerencias,.....
- Na aula de informática: para traballar a formación documental, o uso de webquest, traballos de investigación,.....

10.3 Estratexias de comprensión lectora:

→ Antes da lectura:

- Explicitar o obxectivo da lectura.
- Activar os coñecementos previos

→ Durante a lectura:

- Lectura individual e silenciosa previa a calquera actividade de lectura expresiva.
- Lectura exemplificadora do profesor.

→ Despois da lectura:

- Idea principal e secundarias.
- Estratexias para a comprensión do texto: sublimado, esquemas, resumos,..
- Formulación de preguntas: de resposta literal; para “pensar”; de elaboración persoal.

→ Tarefas habituais de clase:

- Transmisión da información de xeito oral e escrito.
- A lectura será indispensable no traballo co libro de texto ,caderno de clase, artigos de prensa, revista, dicionarios, traballos de investigación, actividades TIC, pentagramas, musicogramas, exames, actividades fora da aula.

10.4 Fomento de hábitos de lectura na área de música. Actividades:

- Lectura en voz alta de textos na clase, coidando a dicción, entonación, empregando diferentes estados de ánimo.
- Elaboración de glosarios musicais.
- Ampliación do texto lido suxerindo libros relacionados co tema.
- Búsqueda de información sobre un tema proposto.
- Selección de letras de cancións, ben aportadas por eles ben aportadas polo profesor, para a súa análise, comprensión, trata de temas transversais, p.ex. con motivo dunha efeméride (Día do Ruido, Día do Medio Ambiente, Día contra a Violencia, Día da Muller, Día dos Dereitos Humanos...)

10.5 Lecto-escritura no currículo de Música.

1.Saber seguir unha partitura musical con notación convencional, non convencional (partitura gráfica) e/ou musicogramas.

2.Identificar e saber interpretar os seguintes elementos musicais presentes nunha partitura musical, empregando as claves de Sol e de Fa:

- Ritmo: figuras e silencios. Compases de subdivisión binaria e ternaria. Signos de prolongación. Síncopas e notas a contratempo. Grupos de valoración especial.
- Melodía: notas alteradas (sostido, bemol), escalas diatónicas maiores e menores, intervalos.

- Harmonía: escalas diatónicas, cromáticas, pentatónicas,; tonalidade e armadura; acordes; cadencias; texturas (monofonía e polifonía).
- Forma: binaria, ternaria, rondó; canon.
- Indicacións de tempo, dinámica, carácter, articulación,etc.

Os procedementos empregados son:

- Coñecemento da representación gráfica do son no pentagrama.
- Lectura rítmico-melódica en diferentes compases.
- Lectura musical directa na interpretación vocal ou instrumental.
- Interpretación dunha secuencia rítmica e polirritmias
- Interpretación dun acompañamento baseado en acordes ou arpexios.
- Práctica na escrita de todos os elementos traballados.
- Análise dos elementos musicais nunha partitura.

3.Recoñecer os diferentes tipos de notación ou escritura musical nas diferentes etapas da historia da música:

- Grecia e Roma: notación alfabética
- Idade Media: notación cuadrada,emprego do tetragrama.
- Renacemento: notación romboidal, emprego do pentagrama.
- A partires do Barroco: notación contemporánea, emprego do pentagrama e figuras redondas.

10.6 Actividades de mellora da competencia lectora na área de Música.

(1). Traballos de investigación. Para a súa elaboración poden empregar as novas tecnoloxías e/ou a biblioteca de aula (ver itinerario lector).

(2) Uso das TIC:

- Aula virtual
- Para preparar as actividades complementarias e extraescolares organizadas polo departamento.
- Para realizar os traballos de investigación.
- Para traballar, reforzar ou ampliar certos contidos da materia. Uso das webquests.

(3).Itinerario lector.

Libros recomendados

1. Rose Tremain, *Música y silencio*, Edit. Salamandra, 2002 Tamén en edición de peto en Quinteto Edhasa. PVP: 8,95 euros.
2. Nina Berberova, *La reconstrucción de Mozart*, Edit. Circe, 1991
3. David Mason, *El afinador de pianos*, Edit. Salamandra, 2002. Tamén en edición de peto. Quinteto. PVP: 8,50 euros.
4. Vikram Seth, *Una música constante*, Edit. Quinteto Edhasa. PVP: 8,95 euros.
5. Alessandro Baricco, *Novecento. La leyenda del pianista en el océano*, Edit. Compactos Anagrama, 1999. PVP: 6,00 euros.
6. Alejo Carpentier, *Concierto barroco*, Edit. Alianza, Biblioteca A. Carpentier, 1998
7. Donna Leon, *Muerte en La Fenice*, Edit. Seix y Barral, 2004. Edición de peto. PVP: 6,95 euros.
8. Thomas Bernhard, *El malogrado*, Edit. Alfaguara, 1985
9. Haruki Marukami, *Sputnik, mi amor*, Tusquets Editores
10. Christopher Bram, *El célebre Doctor August*, Espasa Calpe, 2006
11. Philippe Sollers, *Misterioso Mozart*, Alba Editorial, 2003
12. Alejo Carpentier, *Ese músico que llevo dentro*, Alianza Editorial, 1987
13. Pascal Quignard, *La lección de música*, Edit. Funambulista, 2005
14. Doris Grönbach, *Música de cámara*, Edit. Bruguera, 1986
15. Jessica Douglas-Home, *Violet*, Edit. Circe, 1998
16. Toni Morrison, *Jazz*, Ediciones B.
17. Jean Rhys, *Déjales que le llamen jazz*, Edit. Penguin, 1995
18. Patrick Süskind, *El contrabajo*, PVP: 5,50 euros.
19. Montserrat Albet, *Mozart*, Editorial de peto Booket.
20. Batyas Gur, *Un asesinato musical*, Editorial Siruela
21. Robert Schneider, *Hermana del sueño*, Editorial Tusquets
22. Vernon Lee, *La voz maligna*, Editorial Atalanta.
23. Fernando Trías de Bes, *El coleccionista de sonidos*, Editorial Alfaguara.

Libros de consulta de Música para os fondos da biblioteca do Instituto

1. Guía universal de la música clásica . Editorial Ma non troppo.
2. ¿Qué es eso de la ópera? Editorial Ma non troppo.
3. Compositores de música clásica. Diccionario Espasa. Edición a cargo de Marc Honnegger.
4. Léxico de música, Roy Bennett. Akal Editorial, 2003. *Guía Akal de la música*, Stanley Sadie. Akal Editorial
5. ¿Hay música en el hombre?, John Blacking, Alianza editorial, 2006
6. La música, Alberto Ausoni, Electa Random House Mondadori, 2006.
7. El ABC de la música clásica. Todo lo que hay que saber, Eckhardt van den Hoogen, Editorial Taurus , 2004.
8. Escuchar, Fernando Palacios, Ediciones Fundación Orq. Fil. Gran Canaria, 1997.
9. Música, imáginense, Juan Ángel Vela del Campo, Simancas Editores, 1998.
10. La naturaleza de la música, Maureen McCarthy Draper, Edit. Paidós, 2002.
11. El alma de Hegel y las vacas de Wisconsin , Alessandro Baricco, Edit. Siruela, 1999.
12. Mozart , Gabriel Jackson, Edit. Península, 2006.
13. La música en el cine , Russell Lack, Edit. Cátedra, 1999.
14. De Madonna al canto gregoriano , Nicholas Cook, Música Alianza Editorial, 2001.
15. Músicas del mundo, Elizabeth Sharma, Akal Colección Entorno musical nº 8, 2006

16. *Diccionario Música* (2 volumes: I. Términos musicais II. Compositores). Editorial Ma non troppo.
17. *Diccionario Akal /Grove de la Música*. Editorial Akal.
18. *La dictadura del videoclip. Industria musical y sueños prefabricados*, Jon E. Illescas. Edit. El viejo topo, 2015.
19. *1000 discos que hay que escuchar antes de morir*, Edición dirixida por Robert Dimery, Editorial Grijalbo, 10ª edición, 2012.

(4) Tempo de ler

Habitualmente nas clases adicaremos os primeiros minutos da mesma para afianzar os hábitos lectores do alumnado. O texto pode ser: fragmento dun libro, un artigo de prensa, etc.

Ademáis, propomos dende o departamento as seguintes lecturas:

- **Alumnado de 4º ESO:**

Deberá ler durante a Primeira Avaliación un (1) dos títulos de comic da listaxe que figura a continuación:

Biografías de compositores e intérpretes : 1. *Billie Holliday*; 2. *Glenn Miller*; 3. *Ella Fitzgerald*; 4. *Duke Ellington*; 5. *Charlie Parker*; 6. *Nat King Cole*; 7. *Louis Armstrong*. Todos os comics están publicados pola Editorial Nobel e lles serán facilitados pola profesora do grupo en formato dixital. A esta listaxe se engade outro libro : *Queen*, da editorial Reservoir Dogs.

10.7 Avaliación do plan de lectura

A avaliación continua permitirá comprobar a situación no proceso de mellora na competencia lectora. Criterios de avaliación:

→ Para 2º ESO:

- Comprensión da idea xeral e a intención comunicativa en todo tipo de textos e formatos, orais e escritos.
- Identificación das ideas principias e secundarias.
- A capacidade de extraer información explícita nos textos e a súa organización.

- Detectar na información as ideas implícitas.
- Orde e claridade nas exposicións orais.
- Expresar a opinión personal sobre as lecturas.
- Capacidade de uso das TIC na composición e recreación de textos.

→ Para 4º ESO:

- Distinguir información específica de información xeral.
- Capacidade para buscar e seleccionar ideas relevantes.
- Organización e coherencia en documentos escritos en papel e/ou dixitais.
- Ser capaces de dar explicacións facéndose entender e axudándose de diferentes medios de maneira ordenada e crítica.
- Valorar de xeito crítico o texto literario.
- Planificar e composición para o texto definitivo.

11. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

As tecnoloxías teñen suposto unha auténtica revolución para o mundo da música e representan un potencial enorme á hora de modificar a aprendizaxe no eido da educación musical.

O alumnado pode acceder en calquera momento á inxente cantidade de información musical dispoñible na Rede (presentada en arquivos de audio, texto, imaxe e vídeo),

favorecendo a ampliación dos seus coñecementos e construindo novas aprendizaxes que se poderían relacionar cos propostos no currículo escolar.

Todo isto levaranos a repensar, quizais nun futuro non moi afastado, os deseños curriculares e a metodoloxía tradicional da aula, a función da aprendizaxe musical e incluso o papel que o profesorado deberá cumprir neste novo mundo tan complexo.

Na Rede podemos atopar información practicamente sobre todos os temas musicais e educativos que podamos imaxinar: arquivos de audio, partituras, imaxes, vídeos, bases de datos, software e, ata incluso, páxinas que pódennos permitir compoñer música ou interpretar música *online*.

Os recursos que presenta hoxe a Rede poderían permitirnos realizar moitas tarefas, como por exemplo:

1. Obter, de forma rápida, datos de interese musical: datas de obras, nomes de compositores, intérpretes e a súa produción, fichas de bandas sonoras de actualidade, etc.
2. Conseguir información actualizada sobre críticas de concertos e festivais musicais nacionais e internacionais; listas ou “rankings” de éxitos musicais; novidades discográficas, convocatorias musicais diversas, etc.
3. Consultar proxectos de traballo ou materiais didácticos de outros centros educativos.
4. Obter partituras, ficheiros de audio, secuencias de vídeo, etc.
5. Descargar ficheiros MIDI, para facer arranxos sobre eles posteriormente na aula.
6. Probar *software* musical adecuado ás necesidades do alumnado, como os programas Audacity, MuseScore, etc.
7. Localizar imaxes e copiar imaxes para ilustrar exposicións orais tanto do profesorado como do alumnado.
8. Visitar museos virtuais de instrumentos musicais.
9. Facer “viaxes” virtuais para coñecer outras culturas e escoitar exemplos das súas músicas.
10. Localizar recursos para deseñar actividades de investigación para o alumnado, como cazas de tesouros, webquest.

Como queda reflectido nos párrafos anteriores, son moitas as posibilidades que ofrece hoxe a tecnoloxía da información. É certo que a Rede e o uso dos programas informáticos musicais permite introducir un mundo musical novo, moi activo e vivo na aula de música pero para elo é preciso que se monten máis aulas de informática nos

centros educativos, que se doten de ordenadores modernos ás propias aulas de música, que ao profesorado se lle ofrezca a posibilidade de participar en proxectos de formación tecnolóxica e de recursos multimedia musicais adecuados e dentro do seu horario lectivo,etc.

Mentres iso non sexa un feito, tentaremos utilizar os recursos que nos proporciona a Rede nas actividades xa comentadas anteriormente segundo as nosas posibilidades reais de poder utilizar as aulas de informática do centro.

O uso de Internet como recurso didáctico permitirá, nun futuro, que o alumnado desenvolva tarefas que non podía facer antes, e incluso facer outras que xa podía realizar anteriormente, pero dunha maneira máis eficaz e amena para o propio alumnado.

Por todo isto, entendemos que o noso Departamento necesita a aula de Informática coa seguinte periodicidade: 2º ESO, unha sesión ao mes; 4º de ESO catro sesións por trimestre. Estas necesidades son as mínimas e sería desexable podermos utilizar a devandita aula cando a precisemos.

12. PLAN DA CONVIVENCIA

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas, cohesionadas e pacíficas. Os distintos espazos e experiencias compartidas polos sectores da comunidade educativa no centro escolar son

un marco ideal e privilegiado para o fomento da convivencia pacífica e democrática, así como para a creación dunha atmosfera educadora e solidaria, asumindo que no ámbito da escola se reproducen os conflitos que están presentes na sociedade, e aos que o sistema educativo debe responder positiva e construtivamente.

Desde o departamento de música as accións encamiñadas a favorecer este plan da convivencia son as seguintes:

1. Nas actividades de índole práctico: instrumental/vocal/de movemento:

- Aceptación e cumprimento das normas básicas ante a execución vocal, instrumental ou de movemento, de xeito individual ou colectivo.
- Respecto ante as interpretacións dos demais.
- Valoración do silencio como marco imprescindible para a práctica musical.
- Cooperación e solidariedade en grupo, asumindo responsablemente o rol que cada uno debe realizar na agrupación musical.
- Conciencia da importancia da organización e integración no grupo para a realización das actividades colectivas.
- Interese e responsabilidade polo coidado e mantemento dos instrumentos da aula e dos propios.

2. Nas actividades auditivas:

- Respecto polo silencio nos exercicios onde a audición é unha ferramenta imprescindible.
- Tolerancia ante os xuízos emitidos polos compañeiros.

3. Nas actividades extraescolares e complementarias:

- Saber manter un comportamento axeitado e correcto nos diferentes contextos musicais, asumindo os diversos roles, ben sexa como público ou como intérprete.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Música pretende que as actividades complementarias para o alumnado sexan enriquecedoras e mostren, mesmo en parte, o traballo desenvolvido nas aulas ao longo do curso académico.

Unha das propostas consiste na convocatoria dunha nova edición do Concurso de Construción Artesanal de Instrumentos Musicais, no que poderá participar o alumnado de 2º ESO. Esta actividade levarase a cabo no terceiro trimestre do curso e os instrumentos presentados serán expostos no centro.

Tamén se contempla a posibilidade de realizar un pequeno concerto de fin de curso, como xa se fixo en cursos anteriores, no que participarán alumnos da ESO .

En canto ás actividades extraescolares, aínda que o Departamento de Música considera de gran interese didáctico que o alumnado poida asistir a algún concerto en vivo, este tipo de actividades dependen máis da oferta que fagan institucións como o Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela ou a Orquestra 430 con sede en Vigo así como A Fundación de Abanca, ou outras entidades. A oferta, neste sentido, é actualmente moi limitada e de alto custo económico, posto que supón un desprazamento fóra do Instituto e, moitas veces, fóra do horario académico.

Suxerimos unha saída a Celanova, para coñecer o órgano da igrexa de San Rosendo, e dar un concerto didáctico, ademáis doutras actividades a desenvolver na vila.

Tamén estamos pendentes de poder ofrecerlle ó alumnado un obradoiro de ECOPERCUSIÓN , onde se traballa a percusión corporal e instrumental.

En calquera caso, establecerase contacto con diferentes institucións como a Universidade Popular, para ver a posibilidade de asistir a algunha actividade do Taller de Construción de Instrumentos e tamén a posible visita ás distintas emisoras de radio que teñen sede na nosa cidade. En cursos académicos pasados recibimos no centro a visita didáctica da Escola de Música Tradicional E-Trad dependente da Universidade Popular. Desde o Departamento farase todo o posible por participar novamente nesta actividade.

Contamos co poder repetir este curso académico a colaboración musical co CEIP Ría de Vigo, na que o alumnado de 6º de Primaria realiza actividades musicais conxuntamente co noso alumnado.

14.PROCEDEMENTO DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN

♪ Información que se facilitará ao alumnado na primeira clase sobre a programación e desenvolvemento da materia:

- Material necesario para o desenvolvemento da materia.
- Obxectivos e contidos para cada curso.
- Criterios de avaliación e cualificación. Instrumentos e procedementos da avaliación.
- Información sobre a recuperación das materias pendentes.

Vigo, 2 de Novembro do 2022

Mónica Pérez Cortés- Xefa dpto.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Música do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. e que se pode configurar neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Vigo, concretamente o IES Coruxo. Neste instituto, situado en Coruxo, na localidade de Vigo, e con alumnado procedente de diferentes parroquias e estratos sociais, impártense as ensinanzas da ESO, Bacharelatos das ramas Tecnolóxico-Científico e de Humanidades - Ciencias Sociais.

O alumnado do centro procede de diversas parroquias do concello e pertence a diferentes estratos sociais, predominando o nivel socioeconómico medio.

Neste sentido, trátase de adaptar ó currículo a realidade do centro, que se ubica na periferia de Vigo e acude principalmente o alumnado do barrio urbano de Navia e de áreas urbanas da zona oeste do municipio vigués. O Instituto conta con catro grupos de 3ºESO, e a materia de Música é troncal. O alumnado procede principalmente do propio Instituto, xa que cursou os cursos anteriores no IES Coruxo.

Un dos grupos, 3º A, está formado por alumnado que recibe Música bilingüe en inglés. Os tres grupos restantes, 3ºB, 3ºC e 3ºD, cursan a materia en castelán/galego. O grupo de 3º A está formado por 24 alumnos; 3ºB por 21; 3ºC por 22; 3º D por 23.

Por suposto temos en conta á atención á diversidade para planificar esta programación. De xeito xeral, nestes catro grupos, parte do alumnado amosa dificultades na aprendizaxe, como Dislexia, TDAH, TEA,....

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	1. Música na Idade Media	A música medieval caracterízase por empregar escalas modais, modos rítmicos, texturas musicais, como a monodia ou a polifonía. Estes elementos están presentes na música vogal relixiosa, o canto gregoriano, e na música vogal profana, as cantigas dos trobadores e xogares. Ademais a Idade Media é testemuña das primeiras composicións polifónicas, os organi, que comezan sendo a dúas voces e con movementos paralelos. Outras composicións polifónicas son : conductus, discantus, motete. Destacan as escolas compositivas de Santiago de Compostela no século XII, co "Códice Calixtino" como obra destacada. E no século XIII a Escola de Notre Dame, onde Perotin e Leonin crearon pezas polifónicas a tres e catro voces. Os instrumentos adoitaban acompañar ás obras vocais, aínda que tamén eran os protagonistas nas danzas medievais.	20	14	X		
2	2. Música no Renacemento	A polifonía coral está presente na música renacentista, na música relixiosa católica e na protestante, ademais na profana. Destacan composicións relixiosas como as misas e motetes nos países católicos; o coral protestante da man de Lutero. No eido da música profana, reseñar estas composicións: madrigal en Italia, villancico en España, chanson en Francia.	20	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	2. Música no Renacemento	Compositores como Juan de la Encina, John Dunstable, Josquin de Prez, Tomás Luis de Victoria, Palestrina, etc. Xorden novos instrumentos musicais, que acompañarán ás voces, ou ben serán os protagonistas das pezas instrumentais como as danzas.	20	14	X		
3	3. Música no Barroco	O Barroco supón a Idade de Ouro da música clásica. A linguaxe musical evoluciona nesta época e xorde a escala diatónica Maior e menor; domina a textura contrapuntística imitativa con J.S. Bach como mestre indiscutible. Xorden a ópera e o concerto (grosso e solista). Nace a orquestra como agrupación instrumental, destacando a sección dos violíns e o clavecín. É a época dos luthiers ou mestres artesáns de instrumentos de corda, como a familia Stradivari ou Guarneri , en Cremona. No xénero vogal, o nacemento da ópera en Italia provoca o fenómeno dos castrati. Compositores como Bach, Haendel e Vivaldi elevarán á música a cotas insuperables.	15	11		X	
4	4. Música no Clasicismo	O Clasicismo é o triunfo da razón, da beleza, da harmonía e simplicidade. Todos estes eran valores promovidos pola Ilustración, movemento filosófico do século XVIII que influíu en todas as artes. A figura do músico comeza a ser mellor considerada, porque a música chega a un público máis numeroso. Xorden novas formas instrumentais como a sonata e a sinfonía. Os precursores do novo estilo son os fillos de Bach e a Escola de Mannheim. Viena convírtese no epicentro da actividade musical. Nesta cidade traballarán os tres máximos representantes: Haydn, Mozart e Beethoven.	15	11		X	
5	5. A Música no Romanticismo	O Romanticismo é unha corrente artística do século XIX, que ensalza o sentimento fronte a razón. Beethoven foi o primeiro compositor romántico. Destaca o subxectivo, o individualismo, a expresividade máxima. O instrumento predilecto foi o piano, para o que compuxeron obras Chopin, Liszt, Schumann ou Mendelssohn. Cultívase o concerto e a sinfonía (Brahms, Schubert), e o poema sinfónico (Berlioz). A voz será moi valorada, como no lied (Schumann e Schubert). O pulo da ópera en Italia con Bellini, Donizetti, Verdi, Puccini. En Francia con Bizet. En Alemania con Wagner, que realizou unha reforma operística. En España	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	5. A Música no Romanticismo	nace a zarzuela. O músico gaña definitivamente a súa liberdade, ó deixar de depender dun mecenas. Vive das obras que compón ou interpreta.	15	10			X
6	6. A Música no século XX	O Século XX é testemuña de varias correntes musicais: Impresionismo, que triunfa en Francia, con Debussy, Fauré; expresionismo en Alemaña e Austria, con Schoenberg; nacionalismo ; neoclasicismo con Ravel. As técnicas de gravación do son permiten a experimentación da música con elementos electrónicos, o inicio da industria discográfica. Creáse unha nova linguaxe musical: - Ruptura da melodía. - Ritmos irregurais con Stravinsky. - Liberdade harmónica desde Debussy. Perda do centro tonal, regreso ás escalas modais, emprego de novas escalas como a hexátona. - Canto ó timbre, emprego frecuente de instrumentos de percusión na orquestra para buscar novas sonoridades.	15	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	1. Música na Idade Media	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Coñecer as características das principais producións musicais e dancísticas de diversas épocas, manifestando unha actitude tolerante e respectuosa.	PE	43
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Manexar o vocabulario musical básico para poder expresar ideas e sentimentos que nos producen as obras musicais estudadas, expresando interese por ampliar o léxico musical.		
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Familiarizarse cos elementos da linguaxe musical propios das obras musicais do patrimonio musical galego, con interese e motivación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Reproducir por escrito as ideas, sentimentos e emocións que provocan as actividades guiadas de improvisación, de xeito individual.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Indicar as principais técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando as mesmas no repertorio escollido.		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Nomear as principais expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, cunha actitude respectuosa.		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Resumir as principais funcións das producións musicais e dancísticas, apreciando o seu valor e interese.		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Familiarizarse cos elementos da linguaxe musical propios das obras musicais do patrimonio musical galego, con interese e motivación.		
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Discriminar auditivamente o timbre (vocal ou instrumental), e o xénero (relixioso/profano), de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, amosando respecto durante a escoita.	TI	57
Durante os primeiros días de curso farase un seguimento especial do alumnado recién chegado á nosa materia e que incluíra unha proba escrita ou oral ou de práctica instrumental, que conterá preguntas de linguaxe musical e léxico específico da materia dos cursos anteriores para avaliar os coñecementos previos e o grao de suficiencia do alumnado. Tamén se realizarán preguntas orais e se fomentará a participación activa na aula, facendo exercicios rítmico-melódicos con actividades de repaso de materiais e contidos de linguaxe musical e audición musical do curso anterior co obxecto de poder determinar e avaliar o seu nivel inicial. As datas para esta avaliación inicial serán as que propoña a Dirección do centro acordadas ao comezo do curso, probablemente nas primeiras semanas de outubro, que terá en conta o acordo do Claustro ou a Comisión Pedagóxica. Se for necesario, as familias poderán ser informadas dos resultados desta proba de avaliación inicial a través dos/as titores/as ou do equipo directivo. Á vista dos resultados das probas de avaliación inicial, que se realizarán nos cursos da ESO agás o 2º ESO porque o alumnado dese nivel non cursou a materia de música en 1º ESO, poderíanse levar a cabo certas modificacións na Programación para adaptala ó nivel do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Proba escrita	43	30	23	34	25	31	32
Táboa de indicadores	57	70	77	66	75	69	68

Criterios de cualificación:

Para a cualificación en cada avaliación se fará unha media ponderada de todas as cualificacións obtidas nos seguintes apartados:

1. Probas obxectivas de práctica rítmica e/ou melódica, tanto instrumental como vocal; probas obxectivas escritas de contidos teóricos e audición musical. Poderán realizarse probas tipo test, probas de pregunta corta, de resposta múltiple, probas que inclúan o manexo de ferramentas informáticas (programas de edición e creación musical audiovisual, participación nun blog, etc e traballos de avaliación considerados de suma importancia debido ós seus contidos . Estes tres bloques suporán un 60% sobre a cualificación.

2. Traballo puntuable diario na clase ou a realizar na casa (tarefas do libro, tarefas de breve investigación, exercicios, etc) ; regularidade no traballo na clase e na casa; voluntariedade; traballos de investigación e síntese utilizando formatos analóxicos e dixitais, exposicións e presentación de traballos encomendados orais e/ou escritos tanto individuais ou colectivos; utilización regular/ axeitada do material didáctico (incluíndo o caderno de clase e os instrumentos musicais); o cuidado na expresión oral e escrita; a actitude na aula, a actitude positiva fronte á materia, o respecto ás normas de convivencia na aula e no centro educativo, o esforzo por superar as limitacións propias, o espírito cooperativo nas actividades desenvolvidas na aula, a participación nas actividades musicais organizadas na aula e no centro, a asistencia a concertos ou outras saídas didácticas fóra do centro convocadas polo Departamento, e outras actividades similares propostas.: 40 % sobre a cualificación.

O alumnado saberá con antelación a importancia que ten cada traballo a presentar e como se cualificará. Realizarán obrigatoriamente actividades pertencentes a todos os bloques de contidos manifestados con anterioridade na programación.

Calquera proba, traballo ou caderno non entregados dentro do prazo establecido, considerarase cunha cualificación de cero puntos.

Poderá esixirse unha puntuación mínima determinada de cada parte que dará a opción a poder valorar ó resto (para poder así realizar a media), neste caso tres puntos (sobre 10).

A ausencia do alumno/a á realización das probas obxectivas non xustificada documentalmente conlevará a non superación da materia e a obtención da cualificación de SUSPENSO na devandita proba. A repetición do exame ao que non se asista neste suposto non procederá en ningún caso.

Se se ten en conta que a materia de música é de contidos progresivos especialmente na práctica instrumental, supónse que o alumno que obteña resultados satisfactorios na 2ª e/ou na 3ª avaliación, ten resoltas e superadas as dificultades das avaliación anteriores porque como reza o principio xurídico latino - Qui potest quod est plus, minus potestis facere-, o que conleva que a superación da 2ª avaliación supón a superación da 1ª no aspecto práctico instrumental ou vocal, aínda que poderán facerse probas de recuperación dos contidos teóricos se así o estimase oportuno o profesorado do Departamento.

CUALIFICACIÓN FINAL NA CONVOCATORIA DE XUÑO

A cualificación final na convocatoria de xuño obterase da media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións.

O sistema de cualificación será o seguinte: Insuficiente (1-4); Suficiente (5); Ben (6); Notable (7-8) e Sobresaliente (9-10).

No caso de que un/unha alumno/a non se presente a algunha das probas,- sen que sexa debidamente xustificada dita ausencia-, ou se negue a realizar algunha das probas obxectivas propostas ao longo das 3 avaliacións do presente curso académico, este feito suporá a non superación da avaliación, obtendo a cualificación de INSUFICIENTE. Este

criterio será aplicado tanto nas avaliacións parciais/trimestrais como na avaliación final (finais Xuño).

Criterios de recuperación:

O profesorado poderá, se o estima axeitado, realizar probas de recuperación de índole teórico ou práctico das diferentes avaliacións

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado poderá optar por superar as materias pendentes de xeito parcial ao longo do curso ou ben realizando unha proba global de contidos e práctica musical no mes de maio ou xuño . A profesora encargada do seu seguimento (unha das que están a impartir a materia no nivel) asignaralle o plan de traballo seguindo as propostas que se plantexan nesta Programación Didáctica.

O alumnado da ESO será convocado a reunións informativas ó comezo de cada avaliación/trimestre, nas que se lles darán as pautas e lles serán asignadas as tarefas a realizar por cada avaliación. Para calquera aclaración ou resolución de dúbidas que se lle poidan presentar aos alumnas ou alumnos coa materia pendente, poderán dirixirse en todo momento ao profesorado da materia.

O alumnado que teña a materia de Música pendente de cursos anteriores deberá realizar probas escritas e/ ou de práctica instrumental, unha por trimestre ao longo do presente curso académico.

A realización de todas as probas sinaladas e a dos traballos encomendados será obrigatoria para todos o alumnado coa materia pendente, se queren superar por parciais a materia.

En ditas probas o alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores deberá acreditar a súa suficiencia na materia. O contido específico das probas será deseñado polo profesorado do Departamento e conterá- en calquera caso- os mesmos contidos mínimos que se fixan nesta programación para o nivel de estudos correspondente.

O/a alumno/a que non realice algunha das probas trimestrais, realizará unha proba global única no mes de maio ou xuño, e de non superala nesa convocatoria, terá que presentarse na convocatoria final de Xuño.

Os contidos das probas, as convocatorias para a realización das mesmas ou presentación de traballos así como calquera outra notificación pertinente, expóranse, con suficiente antelación, no Taboleiro de Materias Pendentes e nas aulas do Departamento.

CONTIDOS DAS PROBAS PARA O ALUMNADO COA MATERIA de MÚSICA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

- 1º Trimestre/Avaliación: Elaboración dun traballo manuscrito .

Cunha extensión de entre catro e seis folios sobre un tema incluído na programación do curso que o alumno ten suspenso

Para o desenvolvemento de dito traballo o alumnado poderá manexar cantas fontes (libros de texto, manuais, Internet,etc...) considere necesarias e, en calquera caso, deberá citar a bibliografía consultada. Pódense así mesmo utilizar ilustracións (fotos e debuxos de instrumentos, por exemplo, así como inserir vídeos explicativos do tema elixido).

- 2º trimestre/Avaliación: Proba de interpretación instrumental coa frauta doce e/ou outros instrumentos musicais

O/a alumno/a deberá interpretar coa frauta doce unha peza musical seleccionada ao chou das contidas nos libros de texto que rexiron no curso do que teñen a materia pendente e das que foran estudadas no curso anterior.

- 3º trimestre/Avaliación Ordinaria Proba escrita, tipo test, con preguntas de resposta múltiple sobre os contidos teóricos e léxico especificamente musical do temario do libro de texto, que incluírá tamén preguntas sobre audicións feitas na clase e aquelas tamén recollidas nos discos compactos que acompañan aos libros de texto.

A valoración (en porcentaxes) para a superación da materia pendente é a seguinte:

- Traballo manuscrito: 50% da cualificación final.

- Proba de interpretación coa frauta doce: 25 % da cualificación final.

- Proba tipo test de contidos teóricos, léxico e audicións musicais: 25% da cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

É un obxectivo primordial da ESO ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado, que presenta unha pluralidade de intereses, necesidades, diferentes formacións musicais. Así, nesta materia, é habitual atopar alumnos dotados de coñecementos musicais superiores ó resto da clase, xa que son estudantes de conservatorios ou escolas de música. Pero tamén é habitual a existencia dalgún alumno/a que presenta algunhas carencias que lles impide seguir o ritmo de aprendizaxe do resto dos seus compañeiros.

A diversidade de intereses, o diferente grado de asimilación de contidos teórico-prácticos, as variadas aptitudes, están latentes no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de conseguir a interacción e intercambio entre o alumnado; que sexan capaces de aceptarse e aceptar aos demais e que poidan ter entre todos respecto e confianza.

Co traballo de cooperación poderán coordinar e colaborar nas actividades de canto, grupos instrumentáis, coreografías e danzas; son actividades nas que hai que chegar a acordos e hai que ter en conta aos demais para conseguir un resultado final aceptable. Ademáis nas actividades haberá diferentes graos de realización para evitar a discriminación na consecución de logros, polo que é preciso ser flexibles. Axustarase o currículo segundo sexa preciso para chegar aos mínimos; tamén incluíndo actividades de ampliación e investigación para o alumnado que supere o nivel esixido.

As características peculiares da área de Música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación do alumno, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Deste xeito, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as seguintes estratexias:

*Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.
- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.

* Para alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Facilitar actividades de ampliación.

De cara á avaliación dos alumnos con Necesidades Específicas, deberáselle adaptar as probas escritas, aumentando o tamaño da letra, deixando máis espazo entre as preguntas; e simplificando as cuestións, empregando un tipo de preguntas de resposta simple, ou múltiple resposta; exercicios de tipo asociativo, etc. Ademáis disto, o alumnado deberá ter a posibilidade de ter máis tempo para realizar as probas escritas, se así o precisase.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Empredemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A comprensión lectora e na escrita en Música figura no currículo nestes obxectivos:

1.Saber seguir unha partitura musical con notación convencional, non convencional (partitura gráfica) e/ou musicogramas.

2.Identificar e saber interpretar os seguintes elementos musicais presentes nunha partitura musical, empregando as claves de Sol e de Fa.

3.Recoñecer os diferentes tipos de notación ou escritura musical nas diferentes etapas da historia da música.

As actividades de mellora da comprensión lectora, expresión oral e escrita son: a realización de traballos de investigación en parellas ou pequenos grupos, ou de xeito individual, empregando as TIC, e coa posterior exposición oral dos mesmos na aula. Deste xeito traballamos tamén a competencia dixital.

A competencia dixital promóvese dende o uso da Aula virtual para realizar tarefas, traballos, xogos,... Está directamente relacionado cos contidos a traballar , empregando editores de audio ou de partituras.

Nesta materia, propiciárase un ambiente de igualdade entre os rapaces/as, tanto na práctica vogal como na corporal. No movemento o cambio de roles debe ser un recurso habitual, e na práctica vogal debe traballarse a complementariedade de voces mixtas.

A creatividade deberá estar presente no só como ferramenta pedagóxica, se non como parte do currículo desta materia artística.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Visita a Celanova e Vilanova dos Infantes	Concerto didáctico co órgano do Mosteiro de San Rosendo en Celanova. Percorrido guiado polo Mosteiro e a capela de San Miguel. Visita á Casa Museo de Curros Enríquez. Percorrido literario con lectura de textos de autores vencellados a esta vila.
Obradoiro de Ecopercusión	Traballarase a percusión instrumental con material de refugallo, ademáis da percusión corporal. Promove a coordinación rítmica e o traballo en grupo.
Actividade musical coordinada co alumnado do CEIP Ría de Vigo de 6º de Primaria.	Intercambio de experiencias musicais e artísticas, e xornada de convivencia do noso alumnado da ESO cos futuros alumnos do centro.
Concertos musicais ao longo do curso	Interpretación de pezas vocais e instrumentais por parte do alumnado de diversos cursos.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Indicadores de logro do proceso de ensino
Indicadores de logro da práctica docente

Descrición:

Indicadores e logro do proceso de ensino

Escala

1 2 3 4

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

Indicadores de logro da práctica docente

Escala

1 2 3 4

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.
17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Periodicidade coa que se revisará.
- Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.
- Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.

Ademáis, teremos en conta os seguintes indicadores para facer un seguimento, avaliación e propostas de mellora:

Escala

1 2 3 4

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só para ESO e bach.].
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

1. Observacións

Ademáis dos contidos de tipo teórico, en cada unha das unidades didácticas iremos tratando outros contidos de tipo práctico, interrelacionados cós teóricos, como poden ser a interpretación instrumental, vocal ou de expresión corporal. Así como a elaboración de proxectos en pequenos grupos ou individualmente sobre as temáticas traballadas. Tamén a planificación e preparación de actividades complementarias (como o concerto didáctico en Celanova), ou outras actividades que vaian xurdindo .

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Linguaxe e práctica musical	1º Bac.	4	140

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	26

1. Introducción

A programación didáctica da área de Música no Bacharelato está fundamentada no Real decreto 243/2022, do 5 de abril (LOMLOE). Este Real decreto a nivel estatal, regula as ensinanzas mínimas, determinando os aspectos básicos do currículo, así como outros aspectos da súa configuración.

O facer unha programación axeitada supón partir de distintas realidades, existen moitos condicionantes ao respecto, pero sin duda o factor decisivo é o tipo de alumnado ao que vai dirixida.

No IES de Coruxo a maior parte do alumnado tivo a materia de música en Primaria, sen embargo vese necesario plantexar na aula actividades con diferentes ritmos de aprendizaxe, debido a que a que moit@s alumn@s asisten a clases especializadas de música. Tamen cabe destacar a dificultade de integración na aula do alumnado con necesidades específicas, cada vez máis numeroso nos últimos cursos. Outro aspecto que se debe ter en conta, é a influencia dos factores social e xeográfico dos mozos e mozas que cursan os seus estudos no IES, factores en moitos casos condicionantes e xeradores de desigualdades á hora de acceder á cultura.

Con todo o anteriormente dito, desde a área de música pretenderase potenciar as iniciativas xa existentes e posibilitar o coñecementos doutras ofertas musicais. Todo isto considerando que a cultura musical é un elemento básico na formación d@ alumn@. Ademais tratarase de desenvolver as capacidades necesarias para poder integrar en cada un, as mensaxes que a música é capaz de transmitir, así como de fomentar unha actitude aberta ó feito musical

Será obxectivo fundamental o lograr que @ alumn@ escoite e aprecie todo tipo de músicas, intentar que as entenda e que as valore. No campo da chamada ¿Música clásica¿ tratarase de desmitificar todas as etiquetas que arrastra tradicionalmente como música elitista, culta por excelencia, difícil de entender. Por outra parte ampliar o gusto pola tradición, factor ó que non axudan os medios de comunicación (televisión, radio e cine) creando códigos comúns (globalización) o interese por coñecer -propio de estas idades- pódese aproveitar para fomentar a súa apertura a todo tipo de música sen deixar de gozar dela, finalidade esta última que debe de ser prioritaria.

A procura do equilibrio persoal, así como a vinculación a un grupo ou a importancia das actitudes en sociedade, son características de estas idades. A música chega a ser para moitos un auténtico signo vital: a identificación dos mozos coa música é moito máis que unha moda, é a presenza na súa vida dunha linguaxe con a que compartir ideas e sentimentos.

Proporanse actividades de aprendizaxe que aseguren a tod@s as mesmas posibilidades de éxito. Consideramos que a educación musical é un camiño polo que se pode mellorar a calidade de vida. É importante que todos @s alumn@s participen nunha experiencia directa coa música, e adquiren certa capacidade para interpretala e entendela de maneira reflexiva.

O Departamento conta con 30 horas lectivas distribuídas entre os seguintes grupos:

2ªA - 2ªB- (2x2 hs); 3ºC - 3ºD (2x2 hs); 4ºESO: B-C (3 hs); 1º Bach LPM (4hs) impartidos por Paula Veiga Iglesias.

2ªA e 2ªB bilingües - 2ºC, 2ºD (4x2hs); 3ªA bilingüe e 3ªB (2x2 hs); 4ªA-B-C (3hs): impartidos por Mónica Pérez Cortés (Xefa de Departamento).

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Cultivar a escoita activa, desenvolvendo estratexias de atención, para recoñecer e describir cun vocabulario adecuado os elementos que forman parte dunha obra e para reflexionar sobre aspectos subxectivos e emocionais inherentes á percepción musical.	1		2		11-31			1-31
OBX2 - Identificar os elementos musicais de obras de diferentes estilos e épocas, analizando e comparando partituras con diversas grafías, para describir as súas características e reflexionar sobre os factores que afectan á evolución da notación musical.	1-2		2		11			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Aplicar estratexias de interpretación musical e coreográfica, utilizando a lectura como medio de aproximación á obra e adquirindo de forma progresiva habilidades de decodificación e integración da linguaxe musical, para realizar improvisacións ou executar con autonomía propostas musicais e dancísticas sinxelas.	2				11-12			31-32
OBX4 - Realizar proxectos musicais colaborativos, planificando e implementando as súas fases e asumindo funcións diversas dentro do grupo, para favorecer procesos creativos e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.			3	3	32-50	2	1-3	41-42
OBX5 - Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías dixitais no ámbito musical, utilizando ferramentas de procesamento do son, de produción audiovisual e de edición de partituras, para desenvolver procesos de escritura, creación e difusión musical.		1		2-3	11		1-3	2-41
OBX6 - Interpretar un repertorio de obras musicais en formación orquestral (instrumentos Orff ou outros) ou vogal con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas de interpretación.					11-31			42

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe musical 1	<p>Nesta unidade achegarémonos de novo á linguaxe musical e aos signos de representación básicos dos parámetros do son e os seus elementos principais. Servirá esta unidade tamén como punto de partida e de avaliación dos coñecementos previos do alumnado.</p> <p>Altura: pentagrama, liñas adicionais, signos de clave. Notas en clave de sol. Intervalos simples. Escalas: modos e tonalidade.</p> <p>Duración: figuras musicais e silencios, compases simples. Términos básicos de agónica.</p> <p>Intensidade: signos básicos de dinámica.</p> <p>Timbre: relación cos diferentes signos de clave.</p> <p>Elementos da música. ritmo, melodía, harmonía, textura, forma.</p> <p>Tamén a través da escoita e da análise reflexiva de audicións e de partituras simples descubriremos os elementos</p>	10	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Linguaxe musical 1	básicos que conforman a música.	10	14	X		
2	Práctica musical 1	Nesta unidade achegarémonos á práctica da música a través da escoita activa e da transcripción musical a partir dos ditados sinxelos, da entonación consciente de células melódicas básicas, da identificación do pulso e compases simples, da composición sinxela de melodías e do uso dun programa de edición. Así mesmo, retomaremos a lectura rítmica e melódica de células básicas, a interpretación vocal, instrumental, corporal e dancística, e iniciáremos na composición melódica. Servirá tamén para a avaliación inicial das destrezas adquiridas polo alumnado na etapa anterior no eido da práctica musical.	10	14	X		
3	Repertorio 1	Con esta unidade iremos elaborando un repertorio de cancións ou pezas musicais de diferentes estilos. Elas servirán de exemplo vivo dos contidos teóricos que iremos aprendendo na unidade "Linguaxe musical" de cada trimestre. É unha unidade transversal dentro da propia programación. O repertorio escollido de interpretación instrumental, vocal ou dancístico poderá obterse da adaptación de pezas da música culta, popular, tradicional ou do repertorio das músicas do mundo, procurando que reforcen os contidos da unidade ou que sirvan de ampliación para futuras unidades.	10	14	X		
4	Linguaxe musical 2	Nesta unidade continuaremos afondando no coñecemento da linguaxe da música iniciado no primeiro trimestre: O ritmo: ampliaremos a lectura de novas células rítmicas. A melodía: intervalos compostos. Outras escalas: cromática, pentatónica, escala do blues, etc. A música modal. Os compases compostos. Ampliaremos os contidos da harmonía co estudo dos acordes tríades e da súa función na tonalidade. O cifrado americano básico. Afondaremos no coñecemento de máis termos da agóxica e dinámica que enriquecen a expresividade musical. Tamén a partir do visionado e da escoita activa de fragmentos, obras ou cancións, da análise de audicións e partituras da música occidental culta, popular urbana, tradicional e doutras culturas onde estean presentes estes contidos.	10	14		X	
5	Práctica musical 2	Nesta unidade continuaremos afondando nos contidos da unidade Práctica musical 1,	10	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Práctica musical 2	<p>e ampliando os coñecementos da linguaxe musical traballados na unidade Linguaxe musical 2.</p> <p>Así, a partir da lectura, a primeira vista ou preparada, do desenvolvemento auditivo a través dos ditados e da execución e interpretación consciente de fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, continuaremos desenvolvendo as destrezas técnicas requiridas para a interpretación musical e dancística, e afianzaremos os contidos teóricos da unidade Linguaxe musical 2.</p> <p>Tamén nos serviremos da composición de melodías sinxelas con acompañamentos a base dos acordes tonais, da creación de ideas coreográficas e da improvisación musical e dancística a través dos instrumentos, a voz, o corpo ou a danza. Todo isto apoiado co uso de aplicacións e programas informáticos</p>	10	14		X	
6	Repertorio 2	<p>Nesta unidade utilizaremos preferiblemente adaptacións de pezas da música popular urbana, da nosa música tradicional e das músicas doutras culturas que sirvan para reforzar os contidos da unidade.</p>	10	14		X	
7	Linguaxe musical 3	<p>Nesta unidade ampliaremos o estudo do ritmo a través do coñecemento dos ritmos irregulares e libres, das polirritmias e polimetrías, dos grupos de valoración especial, dos compases de amalgama presentes na música do século XX e no folclore da música tradicional española e doutras culturas. Afondaremos no coñecemento das diferentes escalas e da súa relación coa linguaxe expresiva de cada época.</p> <p>Ademais, e desde unha análise comparada, estudaremos a evolución da notación desde as grafías primitivas, e a notación convencional ata a notación contemporánea. Así mesmo, seguiremos no afondamento dos contidos aprendidos ao longo do curso.</p> <p>E isto farémolo a través da escoita activa, da análise crítica e reflexiva de partituras de fragmentos ou obras de diferentes épocas e culturas.</p> <p>Coa bagaxe do coñecemento adquirido, reflexionaremos, a partir da escoita, sobre as diferentes formas de expresión de emocións e sentimentos que ten a música segundo o contexto de creación e a actualidade</p>	10	14			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Práctica musical 3	Nesta unidade ampliaremos as destrezas na práctica musical cos contidos da unidade Linguaxe musical 3. Farémolo a través da interpretación e a improvisación tanto instrumental como vocal, corporal ou dancística. Tamén a partir da lectura e da improvisación de breves estruturas rítmico-melódicas, da interpretación de fragmentos de obras ilustrativas e da creación de pequenas composicións cos elementos da unidade de linguaxe 3. Ademais afianzaremos os coñecementos adquiridos ao longo do curso co afondamento no estudo dos contidos dos anteriores trimestres.	10	14			X
9	Repertorio 3	Nesta unidade seguiremos a utilizar preferiblemente adaptacións de pezas da música popular urbana, da música tradicional e das músicas doutras culturas. Tamén, se é posible, algún fragmento adaptado da música culta do século XX que sirva para reforzar os contidos da unidade	10	14			X
10	Todos a escena!	Esta unidade é transversal a todo o curso. A súa función é a interpretación dun espectáculo musical ou escénico en público, de concertos do alumnado ou de actuacións dancísticas. Hai que ter presente que a preparación dun repertorio en formación orquestral, vocal ou dancística esixe moita dedicación, e aínda máis se engadimos a montaxe escénica e audiovisual. O obxectivo é dar a oportunidade ao alumnado de sentirse músico e artista, creando un espectáculo musical escénico coas achegas dos integrantes do grupo, co uso das tecnoloxías e a través do repertorio estudado ao longo do curso.	10	14	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Linguaxe musical 1	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	Recoñecer e describir cun vocabulario técnico adecuado os elementos musicais impartidos na unidade a través da escoita activa e lectura analítica dunha obra ou fragmento.	PE	100
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Analizar e describir os elementos da linguaxe musical aprendidos que estean presentes en partituras de grafía convencional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Signos de representación musical dos parámetros do son. - A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues etc.). - Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal. - O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres. - A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas. - A textura: tipos. - Elementos expresivos da música: dinámica, agónica e articulación; indicacións e termos. - Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea). - Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor. - Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa e con ou sen apoio de partitura. Identificación do estilo e características musicais (agónica, d - A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

UD	Título da UD	Duración
2	Práctica musical 1	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Recoñecer a través da escoita os intervalos simples maiores e menores. Identificar o pulso, acento e compás. Ler partituras e realizar ditados dos contidos da unidade.	TI	100
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar individual e en grupo a través da voz e dos instrumentos musicais atendendo á partitura os elementos musicais impartidos na unidade		
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Executar coa técnica adecuada e a través dos instrumentos de placas, intervalos harmónicos ou melódicos simples. Interpretar e improvisar estruturas melódicas e harmónicas cunhas pautas dadas.		
CA2.4 - Xerar ideas musicais ou coreográficas sinxelas, utilizando diferentes instrumentos, a voz ou o corpo, en improvisacións libres ou dirixidas.	Utilizar o corpo e os instrumentos musicais para crear improvisando esquemas rítmicos ou melódicos sinxelos.		
CA2.6 - Desenvolver proxectos musicais, poñendo en práctica as aprendizaxes adquiridas e utilizando ferramentas de edición de partituras, de procesamento do son e de produción audiovisual.	Utilizar ferramentas de edición de partituras nas actividades de creación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura e execución instrumental e vogal á primeira vista e preparada, interiorización e memorización de estruturas musicais sinxelas rítmicas e melódicas, en fragmentos breves e clave de Sol. Compases simples, compostos, mixtos e amálgama. Ritmos irreg - Identificación auditiva do pulso binario e ternario, dos acentos dos compases binarios, ternarios e cuaternarios e de cambios sinxelos de compás en fragmentos breves. - Técnicas de realización escrita de ditados rítmicos e melódicos sinxelos a unha voz. - Interpretación consciente vogal ou instrumental de graffas relativas ás indicacións básicas de articulación, dinámica e agónica. - Técnicas de interpretación a través da voz, do corpo, dos instrumentos musicais ¿Orff ou outros obxectos de son¿ de fragmentos sinxelos, con ou sen acompañamento instrumental, atendendo ás indicacións da partitura. - Estratexias e técnicas de improvisación sobre esquemas rítmico-melódicos e harmónicos establecidos ou libres adaptados ao nivel. - Práctica auditiva ou interpretativa ¿instrumental e vogal¿ de estruturas tonais e modais. Estructuras melódicas e harmónicas sinxelas. Intervalos harmónicos e melódicos, simples e compostos. - Creación de ideas musicais e coreográficas sinxelas a través dos instrumentos musicais, do corpo ou a danza en actividades de imitación e de improvisación, libres ou dirixidas. - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre.

UD	Título da UD	Duración
3	Repertorio 1	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e desenvolver proxectos musicais colaborativos con base en materiais coñecidos ou novos e nos coñecementos adquiridos, asumindo diferentes funcións en todas as fases do proxecto con participación activa, valorando as achegas de todos os integrantes do grupo e descubrindo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participar na planificación e desenvolvemento dun proxecto escénico asumindo o seu rol e respectando as achegas dos integrantes do grupo.	TI	100
CA2.7 - Difundir producións musicais e audiovisuais a través de plataformas dixitais, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor.	Realizar colaborativamente unha produción musical audiovisual e difundila en contornas seguras reflexionando sobre o respecto á propiedade intelectual e dereitos de autor.		
CA2.8 - Interpretar un repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, aplicando os coñecementos adquiridos en relación coa linguaxe musical e coas técnicas básicas interpretación.	Aprender o repertorio seleccionado mantendo unha escoita activa, as destrezas técnicas axeitadas e seguir as indicacións e xestos da dirección, desenvolvendo o rol adecuado en cada obra.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ensaio, elemento de aprendizaxe e perfeccionamento nas actividades interpretativas. - Técnicas de memorización nas actividades interpretativas musicais e coreográficas. - Creación, planificación, desenvolvemento e participación en traballos musicais colaborativos, con base nos coñecementos adquiridos. Asunción de responsabilidades en todas as fases do proxecto, compromiso co rol asignado dentro do grupo e con respecto ás a - Práctica en proxectos musicais das técnicas e aplicacións informáticas de edición e produción sonora, musical e audiovisual. Funcionalidades propias das aplicacións e programas informáticos de licenza libre. - Difusión de producións musicais e audiovisuais en plataformas dixitais: protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. - Interpretación vocal ou instrumental (instrumentos Orff ou outros obxectos de son etc.) en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental, de memoria ou con partitura, dun repertorio de obras musicais de diferentes estilos e épocas a

UD	Título da UD	Duración
4	Linguaxe musical 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e describir os diferentes parámetros do son e elementos musicais dunha obra (rítmicos, melódicos, harmónicos, tímbricos, formais etc.), aplicando estratexias de escoita activa e de lectura analítica de partituras, e utilizando un vocabulario específico adecuado.	Recoñecer e describir cun vocabulario técnico adecuado os elementos musicais impartidos na unidade, a través da escoita activa e lectura analítica dunha obra ou fragmento.	PE	100
CA1.2 - Describir as sensacións que xera a música e a súa posible vinculación coas características da obra e o contexto en que foi creada, reflexionando e extraendo conclusións sobre aspectos subxectivos inherentes á escoita musical.	Reflexionar e describir, a través da escoita activa e cun vocabulario adecuado, as sensacións que transmiten as pezas musicais desta unidade vinculando o contexto da súa creación co actual.		
CA1.3 - Describir as principais características dos elementos musicais (melodía, ritmo, harmonía, timbre etc.) presentes en partituras con grafía convencional e non convencional de obras ou fragmentos de distintos estilos e épocas, identificando e analizando os seus elementos.	Analizar e describir os elementos musicais da unidade a través de partituras ou fragmentos, relacionándoos co contexto ao que pertencen		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Signos de representación musical dos parámetros do son. - A melodía: intervalos simples e compostos. Tipos de escalas (diatónica, cromática, pentatónica, escala do blues etc.). - Escalas modais. A modalidade no folclore e a música pretonal. - O ritmo: compases simples, compostos e de amálgama; ritmos básicos e complexos, irregulares e libres. - A harmonía: o fenómeno físico harmónico; círculo de quintas; principais funcións harmónicas na tonalidade; acordes; ligazóns e cadencias; modulacións e progresións tonais con grao de dificultade acorde co nivel do curso e do grupo. - A forma musical: unidades estruturais; formas simples e complexas. - A textura: tipos. - Elementos expresivos da música: dinámica, agónica e articulación; indicacións e termos. - Os elementos musicais (rítmicos, melódicos, harmónicos, formais, tímbricos) na tradición musical occidental, no folclore e nas músicas populares urbanas. - Notación convencional (grafía tradicional) e notación non convencional (introdución á notación da música contemporánea). - Cifrado americano básico: nome das notas, acorde maior e menor. - Estratexias de escoita ou visionado e de análises de pequenas obras ou fragmentos musicais sinxelos, de distintos estilos e épocas, a partir da escoita activa e con ou sen apoio de partitura. Identificación do estilo e características musicais (agónica, d - A música como forma de expresión. Escoita activa de obras musicais ou fragmentos, e descrición e análise das emocións e sensacións. Vinculación ao contexto de creación e ao momento presente.

UD	Título da UD	Duración
5	Práctica musical 2	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Ler con autonomía partituras sinxelas, atendendo aos signos de representación dos parámetros do son, con ou sen apoio da audición, e recoñecer auditivamente e transcribir os elementos básicos da música.	Recoñecer a través da escoita intervalos simples xustos. Identificar o pulso e o acento nos compases simples e compostos. Ler partituras e realizar ditados das células rítmicas e melódicas da unidade.	TI	100
CA2.2 - Executar fragmentos musicais e coreográficos sinxelos, de forma individual ou colectiva, a través da voz, do corpo ou de instrumentos musicais, atendendo ás indicacións da partitura	Interpretar musicas, individualmente e en grupo, a través da voz e dos instrumentos, atendendo á partitura e aos elementos musicais impartidos na unidade. Interpretar unha muiñeira.		
CA2.3 - Desenvolver habilidades técnicas para a interpretación vocal, instrumental e coreográfica, utilizando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe e aplicando estratexias de memorización musical.	Executar coa técnica adecuada e a través dos instrumentos de placas intervalos harmónicos ou melódicos, acordes tríades. Interpretar e improvisar estruturas melódicas e harmónicas cunhas pautas dadas.		
